

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO
DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS
AUTONÓMICAS**

EXERCICIO 2013

ÍNDICE

RESUMO EXECUTIVO	9
0. PRESENTACIÓN	16
I. O SECTOR PÚBLICO DEPENDENTE: COMPOSICIÓN E EVOLUCIÓN.....	18
I.1. ANTECEDENTES XERAIS	18
I.2. DIMENSIÓN E EVOLUCIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO ESPAÑOL.....	18
I.3. DIMENSIÓN E EVOLUCIÓN DO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA.....	20
I.4. ESTRUTURA E COMPOSICIÓN DO SECTOR PÚBLICO INSTRUMENTAL.....	22
I.5. ENTIDADES PÚBLICAS NON INVENTARIADAS	35
I.6. PLAN DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO DEPENDENTE.....	36
II. RENDICIÓN DE CONTAS, TRANSPARENCIA E CONTROL.....	38
II.1. RENDICIÓN DE CONTAS	38
II.2. TRANSPARENCIA.....	40
II.3. CONTROL.....	44
III. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA DO SECTOR INSTRUMENTAL	49
III.1. OS ORZAMENTOS DOS ENTES DEPENDENTES	49
III.2. SITUACIÓN CONSOLIDADA DOS ENTES DEPENDENTES	52
III.2.1. Dimensión do sector instrumental en 2013	53
III.2.2 Forma de financiamento e grao de dependencia financeira.....	54
III.2.3. Gastos de persoal	55
III.2.4. Solvencia a curto prazo.....	57
III.2.5. Endebedamento	59
III.2.6. Resultado e Fondos Propios	60
III.3. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.....	62
III.4. SUSTENTABILIDADE FINANCIERA	66
IV. RECOMENDACIÓNS.....	69

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Número de entes que compoñen o Inventario.....	20
Cadro 2. Entidades públicas da C.A. de Galicia a 31-12-2013	23
Cadro 3. Relación de organismos autónomos	24
Cadro 4. Entidades públicas de consulta e asesoramento.....	25
Cadro 5. Relación de axencias públicas autonómicas	26
Cadro 6. Relación de entidades públicas empresariais	28
Cadro 7. Relación de consorcios.....	29
Cadro 8. Relación de sociedades públicas.....	31
Cadro 9. Relación de fundacións integrantes do sector público	34
Cadro 10. Situación da rendición de contas de 2013	39
Cadro 11. Contas non rendidas 2013.....	39
Cadro 12. Informes de auditoría das contas anuais 2013.....	48
Cadro 13. Porcentaxe do orzamento inicial xestionado polas distintas unidades integrantes do sector público	50
Cadro 14. Orzamentos iniciais por tipo de entidade (en millóns de euros)	51
Cadro 15. Volume de recursos xestionados (en millóns de euros).....	53
Cadro 16. Grao de dependencia financeira	54
Cadro 17. Gastos de persoal de cadro en número medio de efectivos	55
Cadro 18. Remanente de tesourería e fondo de manobra	58
Cadro 19. Enbedamento comercial e financeiro (en millóns de euros).....	59
Cadro 20. Resultado e fondos propios (en millóns de euros)	61
Cadro 21. Déficit ou superávit das entidades instrumentais (millóns de euros).....	63
Cadro 22. Superávit ou déficit 2013 (millóns de euros)	64
Cadro 23. Ratio débeda/PIB empresas públicas que non consolidan (non AAPP)	65
Cadro 24. Enbedamento empresas públicas que non consolidan (non AAPP).....	65
Cadro 25. Débeda das empresas públicas que non consolidan a 31 de decembro de 2013. (Miles de euros).....	65
Cadro 26. Fondos de capital risco. Participación, resultados e activos (en millóns de euros).....	66

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Número de entidades dependentes das comunidades autónomas dende o ano 2003	19
Gráfico 2. Número de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia	21
Gráfico 3. Transferencias e subvencións orzamentadas para o sector instrumental	52
Gráfico 4. Evolución gastos de persoal 2002-2009 (Índices base 100)	57
Gráfico 5. Evolución gastos de persoal 2009-2013 (Índices base 100)	57

ABREVIATURAS

ACEOUSA	Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.
AGADER	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
AGADIC	Axencia Galega de Industrias Culturais
AGASP	Academia Galega de Seguridade Pública
APLU	Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística
Bantegal	Banco de Terras de Galicia
BEI	Banco Europeo de Investimentos
CCAA	Comunidades Autónomas
CEEI GALICIA, S.A	Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia
CES	Consello Económico e Social de Galicia
CESGA	Centro de Supercomputación de Galicia, S.A.
CGRL	Consello Galego de Relacións Laborais
CIXTEC	Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable
CRTVG	Compañía Radio-Televisión de Galicia e Sociedades
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
EPOSH	Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos
FOGGA	Fondo Galego de Garantía Agraria
Galaria	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.
IGAEM	Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica
IGC	Instituto Galego do Consumo
IGE	Instituto Galego de Estatística
IGSSL	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
IGVS	Instituto Galego da Vivenda e Solo
INEGA	Instituto Enerxético de Galicia
INGACAL	Instituto Galego de Calidade Alimentaria
INTECMAR	Instituto Tecnolóxico para o Control de Medio Mariño
LOFAXGA	Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
M€	Millóns de euros
MEISA	Estación de Inverno Manzaneda, S.A.
PEMES	Pequenas e medianas empresas
PORTOS	Portos de Galicia
RETEGAL	Redes Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
SEAGA	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.
SEC	Sistema Europeo de Cuentas
SER GAS	Servizo Galego de Saúde
SODIGA	Sociedade de Capital-Risco de Galicia
SOGAMA	Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

Informe económico-financiero das entidades instrumentais

SPI	Sociedade Pública de Investimentos, S.A.
TDC	Tribunal Galego de Defensa da Competencia
TURGALICIA	Sociedade de Imaxe e Promoción Turística Galicia, S.A.
XESGALICIA	Xestora Entidades de Capital Risco, S.A.
Xestur Coruña	Xestión Urbanística da Coruña S.A.
Xestur Lugo	Xestión Urbanística de Lugo S.A.
Xestur Ourense	Xestión Urbanística de Ourense S.A.
Xestur Pontevedra	Xestión Urbanística de Pontevedra S.A.
XESTURES	Sociedades de xestión urbanística

RESUMO EXECUTIVO

O Consello de Contas elabora, dende 2006, un informe sobre a actividade económico-financiera das entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma. O Parlamento de Galicia instou a manter o carácter periódico deste informe.

O informe que se xunta a este resumo executivo ten como obxectivo ofrecer unha visión da composición e evolución das entidades instrumentais, valorar a transparencia da súa información económica e analizar, dende unha perspectiva consolidada, a súa situación financeira.

O seu ámbito subxectivo está constituído por todas as entidades instrumentais controladas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma o que inclúe os organismos autónomos (excluído o SERGAS), axencias, entidades públicas empresariais, consorcios, sociedades e fundacións. O ámbito temporal abrangue o exercicio 2013 (último exercicio do que foron rendidas as contas ao Consello de Contas).

Este informe unido ao informe sobre a conta da Administración xeral e ao informe sobre a conta do SERGAS serven de base para emitir a declaración definitiva sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

Composición e evolución do sector

A finais de 2013 formaban parte do sector público autonómico galego 114¹ entidades. Dende os inicios dos anos 90 obsérvase un proceso continuo de creación de entidades paralelas. O argumento xustificativo desta tendencia foi a procura dunha maior eficiencia na xestión pública. Porén, o Consello de Contas nos seus informes ten detectado situacións recorrentes de fuxida do dereito administrativo nos procesos de contratación, discrecionalidade nas políticas de persoal e relaxación nos controis económicos, que poden ser as causas últimas da proliferación destas entidades. Cómpre ter en conta que este proceso crecente de descentralización funcional foi común en gran parte das administracións autonómicas e locais.

Con todo, a crise mudou o discurso sobre a administración paralela. A maior parte das administracións aprobaron ou anunciaron plans de racionalización con medidas orientadas á redución ou, cando menos, reordenación do sector nunha especie de volta cara atrás que cuestiona a consecución dos principios que, no seu día, inspiraron o seu desenvolvemento. En xullo de 2011, por primeira vez dende a súa creación, diminúen o número de entes dependentes das comunidades autónomas.

¹ No inventario do Ministerio de Hacienda figuraban 118 entidades xa que tamén están incluídas a Administración xeral da Comunidade e as tres universidades galegas.

Nesta liña, a Xunta acordou en abril de 2010 iniciar un **plan** de avaliación e **racionalización**, seguido doutros en xuño de 2011 e en setembro de 2014. Algunhas das medidas destes plans foron incluídas en dúas normas autonómicas de rango legal: a Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico e a Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico. Porén, os plans non se publicaron e non se achega información sobre o seu seguimento e efectos, agás os resumos informativos dos Consellos da Xunta para os medios de comunicación.

A única información oficial dispoñible é a publicada polo Ministerio de Hacienda na que se fai un seguimento dos plans de racionalización das comunidades autónomas. Segundo a última información dispoñible (referida a 1-7-2014) Galicia comprometeu unha redución neta de 60 entidades para pasar de 161 a 101 organismos. A redución formulada, medida en porcentaxe de entidades a suprimir, está en liña co compromiso medio do conxunto das comunidades. A redución efectiva a 1 de xullo de 2014 era de 52 entidades. O grao de execución tamén se corresponde co acadado pola media autonómica.

Agora ben, moitas das unidades eliminadas no plan de racionalización teñen unha importancia económica residual, como por exemplo as fundacións de desenvolvemento comarcal que representan máis da metade das entidades suprimidas. O aforro total estimado representa un 1,3% dos fondos xestionados polo sector polo que a redución no sector é máis nominal que real. De feito o tamaño do sector instrumental, tendo en conta o volume de recursos xestionados en termos relativos, non decreceu nos últimos anos. Este dato explícase pola creación de axencias que pasan a xestionar descentralizadamente políticas que ata agora eran desenvolvidas no eido das consellerías (xestión tributaria, turismo, tributos, infraestruturas, innovación e modernización tecnolóxica). Se ben o feito de que estas entidades se integren no orzamento consolidado ten incrementado a transparencia dos fondos xestionados fóra da Administración xeral.

Ademais da supresión de entidades, a Administración impulsou outras medidas de racionalización nas entidades que subsisten, en particular en materia de persoal e limitación das retribucións de altos cargos.

A finais de 2010 apróbase a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (**LOFAXGA**) que supón un avance importante na medida en que regula nunha mesma norma as entidades dependentes que ata ese momento tiñan unha normativa dispersa. Porén, algunha das súas previsións non se puxeron en marcha, nomeadamente a transformación dos entes públicos en axencias e a creación dun rexistro de entidades dependentes. Este rexistro é particularmente relevante, xa que non consta que a Comunidade Autónoma teña establecido un sistema que permita coñecer, con exactitude e de xeito actualizado, as entidades

integrantes do sector público autonómico. Na actualidade, o único inventario oficial é o elaborado pola Intervención General de la Administración del Estado no Ministerio de Hacienda, se ben, este non é completo xa que se detectaron entidades públicas non inventariadas, como por exemplo as fundacións de investigación sanitarias e algúns centros tecnolóxicos. Ademais, algunhas entidades que figuran no inventario como autonómicas non son dependentes da Administración xeral autonómica, como acontece, por exemplo, coas sociedades e fundacións controladas polas universidades. Cómpre, pois, que a Administración autonómica poña en marcha o rexistro que recolla as unidades que controla e dependen dela.

Rendición, transparencia e control

Con carácter xeral, as entidades dependentes renden as súas contas anuais en prazo ao Consello de Contas. No exercicio de 2010 produciuse un avance importante xa que se incorporaron ao orzamento a maior parte de entidades dependentes e xunto (sen consolidar) á Conta Xeral rendida pola Intervención Xeral a maior parte dos estados contables destes entes instrumentais. No período 2011 a 2013 afondouse significativamente neste proceso de ampliación do ámbito subxectivo da Conta Xeral. En calquera caso, subsisten algúns supostos de non rendición (as entidades que expresamente se indican no informe) entre as que destacan pola súa importancia cuantitativa os Fondos de Capital Risco (nomeadamente o Fondo Adiante e Emprende) xestionados por Xesgalicia.

Por outra banda, na información rendida observáronse unha serie de eivas que deberían corrixirse para incrementar a **transparencia** sobre a xestión económica do sector instrumental. Estes aspectos son os seguintes:

- Non rendición telemática e non difusión en internet.
- Escasa consolidación, aínda que se mellorou, ao incorporarse xa no exercicio 2012 os datos consolidados das axencias públicas.
- Falta de calidade nas memorias elaboradas por organismos autónomos. Cómpre por de manifesto a mellor e máis completa información que incorporan as memorias elaboradas polas axencias en 2012 e 2013.
- Falta de información económico-financieira (nomeadamente orzamentaria) nas fundacións e sociedades mercantís que teña en conta a súa pertenza ao sector público.
- Heteroxeneidade da información achegada sen que se observen formatos comúns nin a emisión de instrucións que fagan homoxénea a documentación rendida.
- Falta de actualización do Plan de contabilidade pública de Galicia.

- Falta de instrucións e guías contables que desenvolvan o marco normativo contable aplicable ás entidades dependentes.
- Falta de información sobre indicadores de xestión e custo de actividades.

Polo que atinxe ao **control**, a práctica totalidade das entidades instrumentais, agás os organismos autónomos e algunha axencia, non están sometidas a fiscalización previa. Están suxeitas a un réxime de control financeiro que descansa en dous elementos: a) comunicación previa das súas decisións de gasto á Intervención Xeral que emitirá un informe non suspensivo e b) control posterior da Intervención Xeral mediante auditorías.

O control exercido ten unha orientación fundamentalmente de legalidade, debendo potenciarse os controis financeiros orientados a coñecer a situación financeira, en particular, sobre a execución orzamentaria, a capacidade ou necesidade de financiamento, o endebedamento comercial e os riscos e incertezas que afecten á sustentabilidade financeira. Tamén deben priorizarse as auditorías operativas orientadas a verificar o cumprimento dos obxectivos estratéxico e operativos e a boa aplicación dos fondos asignados. Estes traballos permitirían ter un mellor coñecemento para a racionalización e reordenación do sector no que a información económica debe ser un elemento fundamental nas decisións que se aproben.

A regulación realizada pola LOFAXGA non levou aparellada unha actualización do réxime de control, polo que se producen asimetrías entre o sector público definido pola Lei e o sector público a efectos de orzamentos, contabilidade e control, ao mesmo tempo tampouco coincidentes entre eles. En particular, debería clarificarse o réxime de control aplicable aos consorcios, as axencias e as sociedades, fundacións e consorcios nos que a Administración autonómica non ostenta o control (<50%) pero é o socio maioritario.

Situación económica

Segundo os orzamentos iniciais de 2013, de cada 100 euros dos presupostos autonómicos as entidades instrumentais xestionaban 18 euros aproximadamente. As transferencias e subvencións previstas eran 1068 M€.

Segundo as contas anuais aprobadas, os **recursos xestionados** en 2013 foron 1587,7 M€. A maior parte destes recursos foron achegados pola Administración autonómica, vía transferencias de financiamento e subvencións, polo que o grao de **dependencia financeira** das entidades instrumentais é moi alto, sen que obteñan porcentaxes significativas dos seus fondos fora do Tesouro autonómico. O escaso nivel de autofinanciamento dalgunhas das sociedades públicas cuestiona que as actividades desenvolvidas por estas sexan mercantís ou empresariais. Por outra

banda, nas fundacións públicas, a dependencia das subvencións autonómicas, superior ao 80%, evidencia a incapacidade para usar o modelo segundo a súa verdadeira esencia, que non é outra que a de incentivar a participación do financiamento privado en actividades de interese xeral.

Para chegar os datos anteriores foi necesario realizar un proceso de consolidación no que se eliminaron as operacións internas. Este proceso está limitado polas eivas na información económica sinaladas no informe e resumidas anteriormente. En calquera caso, o traballo realizado permite tamén ofrecer unha visión global sobre a **situación financeira** do sector que se pode resumir nas seguintes variables:

1. Déficit ou superávit: A efectos de estabilidade orzamentaria, débense clasificar as entidades instrumentais en dous grupos. Aquelas que non se financian maioritariamente (>50%) a través de ingresos de mercado (comerciais) e as restantes. As primeiras son consideradas Administracións Públicas o que implica que o seu déficit e o seu endebedamento consolida e están sometidos aos límites fixados anualmente. O SEC 2010 amplía aínda máis os criterios para considerar as entidades como integrantes do sector Administracións Públicas. En Galicia a maior parte das entidades forman parte deste grupo, sendo Galicia unha das Comunidades cunha maior porcentaxe de entidades sectorizadas como Administración pública o que pon de relevo que estas non se empregaron, ou non serviron, para eludir os límites da normativa de estabilidade, é dicir, para situar débeda "fóra de balance". O segundo grupo, estaría formado polas entidades que se financian cos seus propios recursos (ingresos comerciais). Formaban parte deste grupo máis reducido, entre outras, Sogama, as sociedades de xestión urbanística e Portos de Galicia. Se ben, en 2014 Xestur Coruña reclasificouse ao sector Administracións Públicas polo que o déficit e a débeda das fusionadas Xestures pasa a consolidar e computar no déficit e no endebedamento da Comunidade.

Ata 2009 as entidades instrumentais consideradas Administracións Públicas xeraron superávits orzamentarios achegando, deste xeito, capacidade de financiamento á Administración. Este dato amosa situacións de sobrefinanciamento e de ociosidade nos recursos xa que as entidades non eran quen de aplicar a totalidade dos fondos que recibían. Esta situación era provocada fundamentalmente polo IGAPE e AGADER. De 2009 a 2011, as entidades instrumentais presentan lixeiros déficits, polo que contribuíron a xerar o déficit da Administración neses anos. En 2012 e 2013 o sector instrumental ten superávit de 35 M€ e 36 M€, respectivamente. En calquera caso, cómpre ter en conta que todos estes saldos son calculados considerando como ingresos das entidades as transferencias realizadas pola Administración xeral, é dicir, unha sociedade pública pode ter superávit aínda que perciba importantes achegas públicas para financiar a súa actividade ou, mesmo, compensar as súas perdas contables.

2. Gastos de persoal: Os gastos de persoal do conxunto de entidades dependentes en 2013 foron de

258 M€ o que supón un crecemento do 8,4% respecto ao 2012 como consecuencia da posta en funcionamento de novas axencias.

3. Solvencia a curto prazo: As entidades instrumentais presentan unha razoable posición de solvencia a curto prazo.

A nivel agregado as axencias teñen elevados remanentes de tesourería positivos que poden poñer de manifesto que estas entidades non son quen de aplicar os fondos que se lles atribúen. A maior parte dos remanentes están materializados en dereitos de cobramento fronte á Administración.

As sociedades teñen un fondo de manobra positivo. Porén, parte deste fondo está materializado en obras en curso e terminadas das sociedades de xestión urbanística cuxo grao de realización é incerto. O seu valor a finais de 2013 é de 314 M€ e, excluídas do cálculo, o capital circulante tería un saldo negativo.

4. Endebedamento: Polo que atinxe ao endebedamento, aqueles entes e sociedades que son considerados Administración Pública (que non se financian a través de ingresos de mercado) consolidan o seu endebedamento coa Administración. Dentro deste grupo, destaca a débeda da Sociedade Pública de Investimentos e IGAPE. No grupo dos entes que non consolidan, aqueles que se financian con ingresos comerciais, destaca SOGAMA que acapara a maior parte da débeda deste grupo. A finais de 2013 aínda figuraba neste grupo algunhas das Xestures que na actualidade xa sectorizan dentro do sector Administracións Públicas. En calquera caso, o nivel de endebedamento, das empresas públicas que non consolidan en termos comparados con outras comunidades, é baixo.

Por último, cómpre ter en conta unha serie de incertezas e de riscos que poden afectar á **sustentabilidade financeira** do sector.

1. Avais: Ata 2010 aumentou notablemente a concesión de avais polo IGAPE cuxo risco é asumido pola Administración autonómica. A partir dese ano comeza a diminuír, situándose a finais de 2013 o risco vivo en 165,6 M€.

2. Préstamos: O IGAPE iniciou en 2007 a concesión de préstamos a empresas. O Instituto obtén os fondos a través dun préstamo do Banco Europeo de Investimentos. A finais de 2013 os créditos concedidos eran 89,68 M€, dos que 35,1 M€ se consideraron de dubidoso cobramento. A situación económica pode afectar considerablemente a recuperabilidade dos importes concedidos.

3. Fondos de capital risco. A Xunta participa en sociedades (Sodiga) e fondos de capital risco (Emprende, Adiante, ..) cuxo obxecto é a toma de participacións temporais no capital e a concesión de préstamos a empresas non cotizadas. A finais de 2013, o capital achegado a estes instrumentos ascendía a 226,6 M€. As perdas acumuladas por insolvencias e deterioro de investimentos nesta data eran 144,7 M€. A situación económica pode empeorar a situación descrita elevando as perdas.

4. Sociedades de xestión urbanística. As sociedades de xestión urbanística presentan unha situación de solvencia a curto prazo comprometida. A débeda financeira das catro empresas de xestión urbanística a finais de 2013 era de 194,4 millóns de euros, dos que 28,6 eran a curto prazo. Cómpre ter en conta que en 2013 restructurouse este financiamento pasando unha parte significativa do curto ao longo prazo. Ademais presentan un endebedamento comercial de 77,2 M€. Para poder atender a estes importes, as sociedades de xestión urbanística teñen un activo corrente de 325 M€. Porén, deste activo, 314 M€ están materializados en obras, nomeadamente en curso e non rematadas (parques empresariais e vivenda residencial), cuxa capacidade de realización e venda está suxeita a un grao de incerteza considerable. Esta situación provoca problemas de tesourería para atender o financiamento das obrigas asumidas, o que pode determinar, tal como xa ten sucedido no pasado e no propio exercicio 2013, a necesidade de realizar inxección de capital por parte da Xunta de Galicia.

0. PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

0.1. O Consello de Contas elabora anualmente, dende o exercicio 2006, un informe sobre a actividade económico-financiera das entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Os feitos postos de manifesto nestes informes e algunhas das súas recomendacións foron tidas en conta na elaboración da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (en adiante LOFAXGA) aprobada en decembro de 2010. Ademais, o Parlamento de Galicia instou ao Consello de Contas a manter o carácter periódico deste traballo. O obxectivo do informe é analizar a situación económica do sector público instrumental da Xunta de Galicia. Este obxectivo xeral concrétese en:

- a. Ofrecer unha caracterización global do sector público instrumental analizando a súa composición e a súa evolución.
- b. Valorar a rendición de contas e a transparencia da información económica e o grao de control aplicado pola Administración autonómica.
- c. Realizar unha análise consolidada das principais magnitudes financeiras de tal forma que se achegue unha visión global sobre a dimensión, o déficit, a solvencia, o endebedamento e a sustentabilidade do sector público dependente.

ÁMBITO

0.2. Constitúen o **ámbito subxectivo** do informe as entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Son entidades dependentes os entes con personalidade xurídica propia, calquera que sexa a súa forma xurídica ou denominación, que están controlados pola Administración xeral. Esta definición abrangue os organismos autónomos, axencias, consorcios, entidades públicas empresariais, fundacións públicas e sociedades públicas. As expresións entidades dependentes, controladas, paralelas ou instrumentais son utilizadas indistintamente no informe para referirse a este conxunto de organismos.

0.3. O **ámbito obxectivo** do informe abarca a análise da composición e dimensión do sector, a transparencia da súa información financeira e de xestión e o seu grao de control, a súa situación económica, as medidas de racionalización postas en marcha e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

0.4. O **ámbito temporal** engloba o exercicio 2013. Son tamén analizados exercicios anteriores na medida en que sirvan para amosar antecedentes que axuden a contextualizar o informe. Tamén se

fai referencia aos cambios e riscos máis relevantes producidos con posterioridade ao peche do exercicio 2013 con base na información dispoñible.

LIMITACIÓNS AO ALCANCE

0.5. O traballo desenvolveuse a partir da información rendida pola Intervención Xeral, as entidades dependentes e da información contida no inventario de entes públicos do sector público autonómico publicada polo Ministerio de Hacienda. A non levanza por parte da Xunta de Galicia dun rexistro público, no que se relacionen todas as entidades dependentes, afecta a delimitación das entidades que deben ser consideradas integrantes do sector público autonómico de cordo coa normativa galega aplicable (LOFAXGA). Por outra banda, as limitacións das contas anuais rendidas, postas de manifesto na epígrafe II.2, dificultaron os traballos de consolidación e de análise da situación global do sector co alcance que se describe na epígrafe III.

ESTRUTURA DO INFORME

0.6. O informe consta de tres partes.

- a. Na **primeira parte** analízase a composición e evolución do sector público instrumental mostrando as principais características que o configuran e faise referencia aos plans de racionalización postos en marcha.
- b. A **segunda parte** comprende unha valoración do nivel de transparencia do sector. Para iso revísase a rendición de contas e, en xeral, a información financeira e de xestión facilitada polas entidades instrumentais. Valórase tamén o grao de control interno. As contas anuais do exercicio 2013 das entidades instrumentais dependentes da Comunidade Autónoma, que serven de base para emisión deste informe, están dispoñibles no seguinte enderezo electrónico <http://www.ccontasgalicia.es/>.
- c. Na **terceira parte** ofrécese unha visión consolidada sobre a situación económica e financeira do sector a través das seguintes variables: dimensión cuantitativa absoluta e relativa, nivel de autofinanciamento, déficit ou superávit, solvencia, endebedamento, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

I. O SECTOR PÚBLICO DEPENDENTE: COMPOSICIÓN E EVOLUCIÓN

I.1. ANTECEDENTES XERAIS

1.1. As administracións públicas españolas, en todos os seus niveis, impulsaron nos últimos vinte anos un proceso crecente de descentralización funcional consistente na constitución de entidades dependentes para a xestión de determinadas políticas e servizos públicos. Este proceso foi especialmente intenso no ámbito autonómico e local.

1.2. Todas estas entidades forman a estrutura instrumental da Administración. Esta estrutura non é totalmente homoxénea nos tres niveis de goberno -estatal, autonómico e local- existindo diferentes tipos de entidades e terminoloxías distintas para a súa denominación. Os entes creados adoptan formas xurídicas diversas, tanto públicas como privadas, como por exemplo, organismos autónomos, entes públicos, axencias, consorcios, fundacións e sociedades. En función da forma adoptada -que non sempre tivo unha correspondencia lóxica coa actividade a desenvolver polo organismo creado- resulta aplicable un corpo normativo distinto que afecta ás distintas esferas de actividade: persoal, patrimonio, contratación, orzamentos, contabilidade, débeda, etc.

1.3. Con carácter xeral, o argumento empregado para xustificar a creación de entidades instrumentais foi o de conseguir unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos. Con todo, non faltaron voces que sitúan na fuxida do dereito administrativo nos procesos de contratación, na maior discrecionalidade nas políticas de persoal, na relaxación dos controis e na elusión dos límites ao endebedamento público as razóns últimas do nacemento e proliferación destas entidades. O Consello de Contas e outros órganos de control externo nos seus informes sobre entes paralelos confirmaron estes temores poñendo de manifesto reiteradamente moitos destes problemas de organización e funcionamento.

1.4. A crise económica mudou o discurso sobre a Administración instrumental ou paralela. A Administración central e as CCAA teñen aprobado nos últimos anos, plans de simplificación e racionalización co obxectivo de reordenar os seus entes instrumentais. As medidas contempladas apuntan, con carácter xeral, cara a unha redución na dimensión do sector instrumental o que indica unha especie de volta ou marcha atrás no proceso de descentralización funcional e cuestiona que se cumpriran os principios que no seu día inspiraron o seu desenvolvemento.

I.2. DIMENSIÓN E EVOLUCIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO ESPAÑOL


1.5. Un dos aspectos nos que se facía evidente a falta de transparencia do sector instrumental era na ausencia dun inventario que permitise coñecer as entidades dependentes de cada comunidade

autónoma. Para resolver este problema, o Consello de Política Fiscal e Financeira en 2003 impulsou a elaboración dun inventario actualizable semestralmente.

1.6. O Inventario elaborado polo Ministerio de Hacienda contén información sobre a denominación, forma xurídica, compoñentes ou accionistas e outros datos legais. Con todo, non contén información sobre variables económicas como poden ser o volume de recursos xestionados nin tampouco sobre o persoal ao servizo destes organismos.

1.7. A evolución do número de entidades dependentes das comunidades autónomas desde 2003 a 2014 reflíctese na Gráfica 1.

Gráfico 1. Número de entidades dependentes das comunidades autónomas dende o ano 2003



Fonte: Ministerio de Hacienda. Datos a 1 de xaneiro de cada exercicio.

1.8. O Cadro 1 reflicte a distribución das entidades por comunidades autónomas a 1 de xaneiro de 2014. As entidades clasifícanse en función da súa forma xurídica nos seguintes grupos: administración xeral, organismos autónomos administrativos, organismos autónomos comerciais, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, entes públicos, axencias, consorcios, fundacións, outras institucións sen ánimo de lucro, sociedades mercantís e universidades. Esta clasificación evidencia a variada tipoloxía na que se pode personificar a actuación da Administración.

Cadro 1. Número de entes que compoñen o Inventario

	Administración xeral	OO.AA. administrativos.	OO.AA. comerciais	Organismos autónomos	Entidades públicas empresariais	Entes públicos	Axencias	Consortorios	Fundacións	Outras Institucións sen ánimo de lucro	Sociedades mercantís	Universidades	Total
Andalucía	1	12	0	0	18	2	3	152	69	3	75	10	345
Aragón	1	0	0	5	0	12	0	14	26	2	41	1	102
P. de Asturias	1	0	0	9	1	8	0	8	13	0	35	1	76
Illes Balears	1	5	0	0	2	11	0	36	20	0	8	1	84
Canarias	1	10	1	0	1	3	0	11	17	1	28	2	75
Cantabria	1	0	0	8	0	2	1	5	11	0	22	1	51
Castilla y León	1	0	0	3	0	6	0	8	30	4	12	4	68
Castilla-La Mancha	1	0	0	4	0	3	0	6	17	0	14	1	46
Cataluña	1	24	2	2	0	55	0	152	94	3	76	7	416
Extremadura	1	4	0	2	0	7	0	17	16	1	18	1	67
Galicia	1	7	2	1	1	19	6	17	32	0	29	3	118
C. Madrid	1	7	4	0	0	16	0	32	52	1	48	6	167
Región de Murcia	1	2	0	3	3	5	0	18	18	0	11	2	63
C. Foral de Navarra	1	7	0	2	0	0	0	8	19	0	32	1	70
La Rioja	1	0	0	2	1	2	0	2	10	0	6	1	25
C. Valenciana	1	3	4	0	0	15	0	22	37	1	24	5	112
Ciudad de Ceuta	1	6	0	0	0	0	0	1	2	0	11	0	21
Ciudad de Melilla	1	3	0	1	0	0	0	1	0	0	4	0	10
Varios	0	0	0	0	0	0	0	3	11	4	11	0	29
Total	18	90	13	42	27	166	10	513	494	20	505	47	1.945

Fonte: Ministerio de Hacienda. Informe sector público autonómico a 1 de xaneiro de 2014

I.3. DIMENSIÓN E EVOLUCIÓN DO SECTOR PÚBLICO DE GALICIA

1.9. A Comunidade Autónoma de Galicia non permaneceu allea á descentralización funcional sendo a cuarta Administración autonómica con maior número de entes instrumentais (Cadro 1, 6% do total). Segundo estes datos a 1 de xaneiro de 2014 Galicia tiña 118² entidades públicas. Con todo, o número de entes públicos é unha variable pouco representativa da importancia do sector, na


² Este dato inclúe a Administración xeral e as tres universidades que non teñen carácter de entidades dependentes.

medida en que a dimensión, funcións e os modelos de xestión teñen naturezas distintas e alcances diferentes.

1.10. A Administración galega non publica a relación de entidades que deben ser consideradas como integrantes do seu sector público autonómico segundo a normativa aplicable contida fundamentalmente na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A Consellería de Facenda publicaba un Catálogo de entidades integrantes do sector público autonómico. O último referíase a 31/03/2010 sen que conste a súa actualización posterior. As entidades incluídas no catálogo diferían nalgúns casos das contidas no inventario do Ministerio de Hacienda. Estas diferenzas obedecen basicamente ao criterio de elaboración, xa que a Administración autonómica non incluía no seu Catálogo as entidades sobre as que non exerce control que si aparecen como entidades dependentes no inventario do Ministerio de Hacienda. Estas entidades son, fundamentalmente, os entes dependentes das universidades, os consorcios con participación autonómica igual ou inferior ao 50% e as sociedades mercantís con participación cruzada de varias administracións pero sen que a Administración autonómica teña máis do 50% do seu capital. Todas estas entidades aparecían recollidas no inventario do Ministerio pero non no catálogo da Xunta.

1.11. A evolución temporal das entidades incluídas no inventario como integrantes do sector público autonómico de Galicia reflíctense na gráfica seguinte onde se aprecia o crecemento ata o ano 2008, a partir do cal o número mantense estable ata a significativa redución de entes no 2012, concentrada en gran medida na supresión definitiva das fundacións de desenvolvemento comarcal.

Gráfico 2. Número de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia



Fonte: Ministerio de Hacienda. Datos a 1 de xaneiro de cada exercicio.

I.4. ESTRUCTURA E COMPOSICIÓN DO SECTOR PÚBLICO INSTRUMENTAL

1.12. Ata a aprobación da LOFAXGA en 2010 o sector público autonómico a pesar do seu crecemento adoeía dunha serie de carencias que o acompañaron desde o seu nacemento:

- Non existía unha regulación normativa que abranguese todo o sector público autonómico. Os distintos tipos de entidades estaban regulados por normas diferentes e dispersas.
- Non existía un rexistro específico que permitise coñecer as entidades creadas, a súa normativa de creación e as súas principais características, agás os inventarios descritos que non constitúen auténticos rexistros.
- Non existía patrón nin criterio ningún para definir cando unha actividade debía ser realizada centralizadamente e cando era oportuno crear unha entidade dependente³. Ademais, non se aprecia unha correspondencia lóxica entre a forma xurídica de cada entidade e a actividade desenvolvida, de tal xeito que se producen claros desaxustes entre a actividade despregada pola entidade e a normativa que se lle aplica.

1.13. A LOFAXGA trata de corrixir estas deficiencias. Para iso realiza unha regulación completa do sector público autonómico, crea un rexistro de entidades dependentes e establece uns criterios xerais para a creación de organismos. Porén, algunhas das súas previsións non están sendo aplicadas.

1.14. En particular, non se puxo en funcionamento nin se regulou o rexistro de entidades dependentes no que se deben inscribir preceptivamente a constitución de entidades e demais actos que se determinen regulamentariamente e no que se depositen as contas anuais para a súa remisión ao Consello de Contas. Esta eiva dificulta a delimitación exacta das entidades que segundo a Lei deben ter a consideración de integrantes do sector público autonómico. Ademais, non se fixo a conversión dalgúns entes públicos nas formas xurídicas previstas na lei (nomeadamente en axencias) polo que na actualidade seguen a existir múltiples categorías xurídicas, algunhas herdeiras da lexislación anterior, para personificar a actuación da Administración.

1.15. A partir das definicións contidas na Lei e da información reflectida no inventario de entes dependentes elaborado polo Ministerio de Hacienda procedemos a delimitar o sector público autonómico agrupando as entidades nas seguintes categorías:

³ Esta eiva tentouse corrixir co Decreto 217/2008 polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación das entidades que formen parte do sector público autonómico.

Cadro 2. Entidades públicas da C.A. de Galicia a 31-12-2013

TIPO DE ENTIDADE	NÚMERO
Organismos autónomos e entidades públicas de consulta	12
Axencias	14
Entidades públicas empresariais	3
Consortorios	18
Sociedades mercantís públicas	29
Fundacións	38
Total	(*)114

(*) As entidades que figuran no inventario a 1-01-2014 eran 118 xa que inclúe tamén a Administración xeral e as tres universidades galegas que non incluímos no cadro xa que non teñen carácter de entes dependentes.

1.16. Nos parágrafos seguintes analízase cada tipo de entidade e relaciónanse os entes existentes a finais de 2013 indicando a súa denominación, a súa data de creación, a súa finalidade, a súa inclusión a efectos de contabilidade nacional (SEC) no sector administracións públicas e, no seu caso, a porcentaxe de participación da Administración autonómica.

ORGANISMOS AUTÓNOMOS

1.17. O derogado artigo 11 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia referíase aos **organismos autónomos** como entes institucionais de dereito público que realizan funcións ou actividades da competencia da Comunidade Autónoma en réxime de descentralización administrativa. Atribúelles personalidade xurídica e patrimonio propios, independentes dos da Xunta de Galicia, e clasifícaos en dúas clases:

- Organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, que serán aqueles que realicen de forma principal actividades desta natureza ou calquera outra de carácter mercantil.
- Organismos autónomos administrativos, que serán todos aqueles nos que non conorra ningunha das circunstancias indicadas nos anteriores.

1.18. Coa aprobación da LOFAXGA en 2010 desaparece a distinción entre organismos administrativos e comerciais e agrúpanse baixo a categoría única de organismos autónomos como entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento regúlase polo dereito administrativo e que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

1.19. A finais de 2013 os organismos autónomos dependentes da Comunidade eran os seguintes:

Cadro 3. Relación de organismos autónomos

NOME	DATA DE CONSTITUCIÓN	FINALIDADE	ADMÓN. PÚBLICA SEC
Escola Galega de Administración Pública (EGAP)	02/06/1987	Actuacións relacionadas co persoal da Administración, realización de traballos en materia de administración normalización do idioma galego na Administración.	Si
Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)	10/05/1988	Realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia	Si
Instituto Galego de Estatística (IGE)	19/07/1988	Dirección, coordinación e realización de actividades estatísticas	Si
Servizo Galego de Saúde (SERGAS)	11/01/1989	Xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma e coordinación integral de todos os recursos sanitarios	Si
Instituto Galego do Consumo (IGC)	20/12/1994	Orientar, formar e informar os consumidores e usuarios sobre os seus dereitos e a forma de exercelos, e difundir o seu coñecemento	Si
Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)	06/01/1995	Executar a política da Consellería de Medio Rural para a ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro	Si
Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)	24/01/2007	Enriquecemento do capital humano e impulso da calidade nos servizos de seguridade pública	Si
Instituto de Estudos do Territorio ⁴	17/05/2007	Análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio	Si
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (IGSSL)	30/10/2007	Xestión e coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da Comunidade Autónoma, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar e reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo	Si
Consello Galego da Competencia (TDC) ⁵	09/03/2011	Preservar o funcionamento competitivo dos mercados no ámbito territorial	Si

1.20. Como entidades equiparables aos organismos autónomos na súa organización e funcionamento sitúanse as entidades públicas de consulta ou asesoramento. Segundo a disposición adicional sexta da LOFAXGA, terán esta consideración aquelas entidades ás que se lles atribúa expresamente por lei independencia funcional ou especial autonomía respecto á Xunta de Galicia. Rexeranse pola súa normativa específica nos aspectos precisos para garantir esa autonomía e polas disposicións relativas aos organismos autónomos nos demais extremos. A pesar de que non se ten aprobado lei posterior á LOFAXGA que recoñeza expresamente ese carácter existen dous organismos que encaixan nesta categoría.

⁴ Constituíuse formalmente o 7 de febreiro de 2012, fixando como data da súa efectiva entrada en funcionamento o 7 de abril de 2012.

⁵ A Lei 1/2011 suprime o Tribunal de Defensa da Competencia creado en 2004 e constitúe, no seu lugar, tamén con forma de organismo autónomo, o Consello Galego de Competencia que asume as funcións do Tribunal e do Servizo Galego da Competencia. Ademais a Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia que fusionará as competencias dos dous organismos autónomos preexistentes.

Cadro 4. Entidades públicas de consulta e asesoramento

NOME	DATA DE CONSTITUCIÓN	FINALIDADE	ADMÓN. PÚBLICA SEC
Consello Económico e Social de Galicia (CES)	13/07/1995	Facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socio-económica de Galicia	Si
Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL)	01/07/2008	Ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma nas materias relativas ás súas políticas laborais	Si

AXENCIAS

1.21. A lei de orzamentos para 2008 regula, por primeira vez, a figura das axencias públicas autonómicas como *entidades instrumentais de dereito público, dotadas de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultadas para exercer potestades administrativas, que son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias*. O marco básico de actuación e orzamentario contense no contrato de xestión.

1.22. Ata 2010 unicamente funcionaba unha axencia pública autonómica: A Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) creada en 2008 por transformación do organismo autónomo comercial Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).

1.23. A norma incorporada na lei de orzamentos para 2008 foi derogada en 2010 pola LOFAXGA que contén unha nova regulación das axencias públicas facendo fincapé en que o modelo debe ser o de xestión por obxectivos.

1.24. A aprobación da LOFAXGA leva implícita unha aposta forte polo modelo de axencias, xa que ademais de prever a transformación en axencias de 7 entes de dereito público, contempla nas súas disposicións adicionais a constitución de tres novas entidades: a Axencia Galega de Innovación, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas. Con anterioridade a Lei 17/2008 previra a creación da Axencia de Servizos Sociais e a Lei 15/2010 a constitución da Axencia Tributaria de Galicia. Posteriormente, a Lei 7/2011 autoriza a creación da Axencia de Turismo de Galicia e a Lei 14/2013 a creación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Axencia en Materia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios que asumiran as competencias, entre outras, da Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusións de Galicia e da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, respectivamente.

1.25. A finais de 2013 eran 14 as axencias públicas constituídas dependentes da Comunidade Autónoma. Non se inclúen na relación xa que non foron constituídas aínda que a súa creación está

Informe económico-financiero das entidades instrumentais

autorizada por lei: a Axencia Galega de Servizos Sociais⁶, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a a Axencia en Materia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios.

Cadro 5. Relación de axencias públicas autonómicas

NOME	DATA DE CONSTITUCIÓN	FINALIDADE	ADMÓN. PÚBLICA SEC
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)	27/06/1992	Impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego	Si
Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financiera e Contable (CIXTEC)	09/04/1998	Desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación e subministración de equipos informáticos á Xunta	Si
Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)	30/03/1999	Fomento da eficiencia enerxética e aforro enerxético	Si
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)	29/12/2000	Fomento e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear a despoboación	Si
Axencia da Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional	02/05/2002	Xestionar o sistema de formación profesional	Si
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño	07/07/2004	Control da calidade do medio mariño	Si
Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL)	28/12/2006	Investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario e instrumento que facilitará o funcionamento dos consellos reguladores	Si
Axencia Galega de Emerxencias	07/05/2007	Estudo e execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión de emerxencias nos termos previstos na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia	Si
Axencia Galega de Industriais Culturais	11/06/2008	Impulso e á consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego	Si
Axencia Galega de Infraestruturas	26/09/2011	Impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas	Si
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	17/01/2012	Desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico	Si
Axencia Galega de Innovación	16/02/2012	Fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas	Si
Axencia de Turismo de Galicia	10/10/2012	Impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago	Si
Axencia Tributaria de Galicia	23/10/2012	Xestión, inspección e recadación dos tributos propios e cedidos de acordo coa lexislación aplicable	Si

⁶ Como feitos posteriores, o 4 abril de 2014 publícase no DOG o Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos. Os orzamentos da antedita Axencia reflíctense na Lei de orzamentos de 2015.

1.26. No que atinxe á relación de axencias contida no cadro cómpre ter en conta as seguintes precisións:

a) A Axencia da Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional non tivo actividade no 2013.

b) O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, o Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, o Instituto Galego de Calidade Alimentaria e a Axencia Galega de Emerxencias foron creadas como entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñen que axustar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado. Esta categoría xurídica estaba regulada no artigo 12 da Lei de réxime financeiro e orzamentario e foi incorporada por mimetismo da lexislación estatal. Tiña como pretensión albergar os entes públicos que, sen adoptar forma de sociedade mercantil, realizasen actividades empresariais. Con todo, con esta forma xurídica creáronse sociedades públicas que non realizaban ningunha actividade que xustificase o sometemento ao dereito privado. A mera revisión das súas funcións, descritas no cadro anterior, permite comprobar este feito. A disposición transitoria terceira da LOFAXGA sinala que as normas de organización e funcionamento e os estatutos destas 7 entidades terán que adecuarse ao que dispón esta lei para as axencias sen que esta adaptación tivese lugar polo momento.

1.27. A posta en marcha de todas estas axencias provoca que, a pesar de que o número de entidades instrumentais estea diminuindo, o volume de recursos públicos xestionados de xeito descentralizado, en termos relativos estea aumentando, xa que políticas públicas que ata este momento se viñan realizando, fundamentalmente, de xeito centralizado pasan a realizarse en réxime de descentralización funcional. En particular responden a esta migración: as infraestruturas, a innovación, as tecnoloxías da información, a xestión tributaria e os servizos sociais.

ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

1.28. A LOFAXGA incorpora á lexislación galega unha nova forma xurídica de ente instrumental: as entidades públicas empresariais. Trátase de entes aos que se lles encomenda a realización, conforme a criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación.

1.29. A finais de 2013 eran tres as entidades públicas empresarias dependentes da Xunta.

Cadro 6. Relación de entidades públicas empresarias

NOME	DATA DE CONSTITUCIÓN	FINALIDADE	ADMÓN. PÚBLICA SEC
Compañía Radio Televisión de Galicia	04/08/1984	Xestión dos servizos de radiofusión e televisión da Comunidade Autónoma de Galicia	Si
Portos de Galicia (PG)	21/12/1994	Xestión e explotación de instalacións portuarias	Non
Augas de Galicia	14/01/2012	Xestión de obras e prestación de servizos encomendados dentro do programa de actuación do O.A. de Augas	Si

1.30. No que atinxe á relación de entidades contida no cadro cómpre ter en conta as seguintes precisións:

a) O Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia. A constitución e posta en funcionamento da devandita entidade pública supón a integración nesta e a extinción do organismo autónomo Augas de Galicia e da entidade de dereito público Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

b) Portos de Galicia e Compañía Radio Televisión de Galicia foron creadas como entidades de dereito público con personalidade xurídica propia das previstas no derogado artigo 12 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A disposición transitoria terceira da LOFAXGA sinala que as normas de organización e funcionamento e os estatutos destas 2 entidades terán que adecuarse ao que dispón esta lei para as entidades públicas empresariais sen que esta adaptación tivese lugar polo momento. Ademais, a Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia crea a Corporación Radio Televisión de Galicia S.A. como sociedade mercantil que asumirá as competencias e o patrimonio da Compañía e das súas sociedades dependentes (TVG, S.A. e RTVG, S.A.).

CONSORCIOS

1.31. Ata a aprobación da LOFAXGA practicamente era inexistente a regulación autonómica sobre os consorcios. A LOFAXGA supón a incorporación ao ordenamento xurídico dunha regulación máis detallada. Segundo esta norma teñen tal consideración aqueles consorcios en que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais, achegase maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou nos que se comprometeu, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da

Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dunha das súas entidades instrumentais.

1.32. A finais de 2013 segundo o inventario de Ministerio de Hacienda os consorcios da Comunidade Autónoma de Galicia son os seguintes:

Cadro 7. Relación de consorcios

Nome	Data de constitución	Finalidade	Admón. pública sec
Consortio Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	18/12/1997	Proporcionar un marco axustado para a difusión cultural e o intercambio científico	Si
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca Valdeorras	17/11/1999	Prestación do servizo contra incendios e salvamento	Si
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca Verín	17/11/2000	Prestación do servizo contra incendios e salvamento	Si
Consortio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	06/04/2001	Avaliación do sistema universitario de Galicia, análise dos seus resultados e a proposta de medidas de mellora da calidade de servizos que presta	Si
Bibliotecas Universitarias de Galicia	18/10/2001	Apoio continuo aos servizos bibliotecarios das tres universidades galegas a través da cooperación interbibliotecaria.	Si
Consortio Audiovisual de Galicia	29/10/2002	Potenciación institucional das accións tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia	Si
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca Carballiño e Ribeiro	12/08/2005	Prestación do servizo contra incendios e salvamento	Si
Consortio Servizo contra Incendios e Salvamento Comarca Limia	20/08/2005	Prestación do servizo contra incendios e salvamento	Si
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	08/07/2006	Dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local	Si
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)	31/10/2007	Velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio e do litoral	Si
Centro Oncolóxico	12/07/2008	Prestación da asistencia sanitaria especializada en materia oncolóxica	Pte.
Augas de Valdeorras	25/10/2012	Ordenación e xestión dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais	Pte.
Consortio Cidade de Santiago de Compostela	24/04/1992	Apoio administrativo e de xestión ao Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela	Si
Consortio Provincial de Lugo para a Prestación de Servizo Contra Incendios e Salvamento	07/02/2009	Execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento	Si
Consortio Provincial de Pontevedra para a Prestación de Servizo Contra Incendios e Salvamento	08/03/2011	Execución das competencias do servizo público de prevención e extinción de incendios	Pte.
Consortio Provincial de A Coruña para a Prestación de Servizo Contra Incendios e Salvamento	13/08/2002	Prestación do servizo contra incendios e salvamento	Si
Consortio contra Incendios e Salvamento Comarcas Deza e Tabeirós Terra de Montes	15/07/1999	Prestación do servizo contra incendios e salvamento	Si
Consortio Casco Vello de Vigo	17/03/2005	Actuacións e intervencións que contribúan ao proceso de recuperación do ARI do Casco Vello de Vigo	Si

1.33. En relación ao cadro anterior cómpre efectuar unha serie de precisións:

a) No plan de racionalización acordouse a extinción do Consorcio Audiovisual de Galicia e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos⁷. No inventario de finais de 2013 prodúcese a baixa do antedito Instituto de Estudos Turísticos e do Consorcio Parque Científico Tecnolóxico Universitario de Galicia. O Consorcio Audiovisual está en proceso de disolución e liquidación, sen que se teña producido a extinción definitiva e segue de alta no inventario.

b) Aínda que o plan de racionalización prevé tamén a extinción dos consorcios contraincendios comarcais de Carballiño e do Ribeiro, da Limia, de Valdeorras e de Verín e a súa integración nun consorcio provincial de Ourense⁸, os catro consorcios comarcais seguen de alta no inventario, a pesar de terse aprobado o acordo da súa extinción o 26/04/2012.

c) Segundo os datos do inventario, a participación da Comunidade nos consorcios Cidade de Santiago de Compostela e Augas de Valdeorras é inferior ao 50% (33,33% en ambos os dous).

1.34. Dos 18 consorcios relacionados, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 e 2014 incluían 11 e 12 respectivamente. Na anualidade 2014 intégrase o orzamento do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia. Non se inclúen os consorcios non participados maioritariamente pola Comunidade (Augas de Valdeorras e Consorcio Cidade de Santiago de Compostela), os consorcios extinguidos ou sen actividade (Consorcio Audiovisual de Galicia) e os consorcios contra incendios provincial de A Coruña, nin o comarcal de Carballiño-Ribeiro nin tampouco o Centro Oncolóxico de Galicia, sen que se xustifique estas exclusións.

SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS

1.35. Segundo a LOFAXGA, son sociedades mercantís públicas autonómicas aquelas nas que no seu capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais regulada pola lei. Ademais suxéitanse ao mesmo réxime xurídico aquelas sociedades mercantís nas que a Comunidade dispoña da maioría dos dereitos de voto ou teña dereito a nomear a maioría dos membros dos órganos de goberno.

1.36. A finais de 2013, segundo o inventario de entidades dependentes, eran 29 sociedades mercantís da Comunidade Autónoma de Galicia.

⁷ Este disolveuse en virtude do Decreto 99/2013 e as súas competencias e patrimonio integráronse na Axencia de Turismo de Galicia.

⁸ O Decreto 67/2015, do 30 de abril, aproba os estatutos do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

Cadro 8. Relación de sociedades públicas

Nome	Data de constitución	Porcentaxe de participación Comunidade Autónoma	Admón. pública sec
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital-Risco (SODIGA)	18/11/1983	69,21%	Si
Televisión de Galicia, S.A.	04/08/1984	100%	Si
Estación de Inverno Manzaneda, S.A. (MEISA)	10/04/1985	48%	Non
Xestur A Coruña, S.A.	01/07/1986	88,47%	Non ^(*)
Xestur Lugo, S.A.	01/07/1986	91,15%	Non
Xestur Pontevedra, S.A.	01/07/1986	96,93%	Non
Xestur Ourense, S.A.	22/12/1990	93,29%	Non
Xestión Plan Xacobeo, S.A.	12/11/1991	100%	Si
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	11/12/1991	47,74%	Si
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA)	14/05/1992	51,00%	Non
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística Galicia, S.A. (TURGALICIA)	14/06/1991	58%	Si
Centro de Supercomputación de Galicia, S.A. (CESGA)	29/04/1993	70%	Si
Sociedade Galioil, S.A.	04/05/1995	100%	Non
Desenvolvemento Comarcal de Galicia, S.A. (SODECOGA)	23/05/1994	100%	Si
Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. (GALARIA)	28/07/1994	100%	Si
Galicia Calidade, S.A.	27/12/1994	100%	Si
Cursos Internacionais Universidade de Santiago, S.A.	28/12/1995	50%	Pte.
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI GALICIA, S.A.)	20/03/1997	100%	Si
Redes Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL)	22/03/1997	100%	Non
Xenética Fontao, S.A.	26/03/1998	80,00%	Non
Sotavento Galicia, S.A.	11/04/1998	30,50%	Pte.
Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.	12/03/1999	51%	Pte.
Sociedade Xestora de Intereses Universidade Santiago de Compostela	22/03/1999	100%	Pte.
Sociedade Xestora Entidades de Capital Risco, S.A. (XESGALICIA)	18/03/1999	70,00%	Non
Adiante 2000, Fondo de Capital Risco	20/05/1999	100%	Pte.
Cidade Universitaria, S.A.	06/09/1999	57,14%	Pte.
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA)	19/01/2007	100%	Si
Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.	12/06/2007	49,80%	Pte.
Corporación Universidade da Coruña, S.L.	21/01/2004	50%	Pte.

(*) Reclasificada en 2014 ao sector Administracións Públicas.

1.37. En relación co cadro anterior cómpre efectuar unha serie de precisións:

a) Non figuran a sociedade Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (CEEI GALICIA, S.A.) que foi suprimida en 2012, a sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense absorbida polo SPI en 2011, a Sociedade Anónima Xestora Banco de Terras (BANTEGAL)⁹. Prodúcese a alta no inventario da Corporación Universidade da Coruña, S.L.

b) As seguintes sociedades non presentaban actividade a finais de 2013 ou estaba prevista a súa disolución aínda que seguen a figurar no inventario debido a que non se producira a súa extinción definitiva.

- Desenvolvemento Comarcal de Galicia, S.A. (SODECOGA)¹⁰
- Sociedade de Imaxe e Promoción Turística Galicia, S.A. (TURGALICIA)¹¹
- Centro de Supercomputación de Galicia, S.A. (CESGA)¹²
- Sociedade GaliOil, S.A.

c) As seguintes sociedades dependen dalgunha das universidades galegas.

- Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.
- Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.
- Cidade Universitaria, S.A.
- Cursos Internacionais Universidade de Santiago, S.A.
- Sociedade Xestora de Intereses Universidade Santiago de Compostela (UNIXEST)
- Corporación Universidade da Coruña S.L. alta a 1 de xaneiro de 2014.

d) Televisión de Galicia e Radiotelevisión de Galicia fusionáronse por absorción da segunda pola primeira a finais de 2013. No inventario a 1 de xaneiro de 2014 xa non figura como sociedade Radiotelevisión de Galicia.

e) En 2012 acordouse tamén a extinción das catro sociedades Xestures provinciais para a súa integración nunha sociedade única tendo lugar a fusión a finais de 2013. Estas sociedades xa non se

⁹ A Lei 15/2010 autorizou a disolución das sociedades de desenvolvemento comarcal de Galicia e de Bantegal e a súa integración na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. A primeira xa non figura no último inventario publicado (1-1-2014) mentres que a segunda si consta ao non terse completado as operacións de extinción.

¹⁰ Con data 5/1/2012 inscribiuse a súa disolución no Rexistro Mercantil.

¹¹ O Consello da Xunta de Galicia do 27 de decembro de 2013 autorizou a disolución e o inicio do proceso de liquidación da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia).

¹² En 2012 acordouse tamén a supresión do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA, S.A.) se ben segue a figurar no inventario en 2014 ao non terse completado as operacións de extinción da personalidade.

inclúen no inventario a 1 de xullo de 2014 figurando a sociedade única Xestur Galicia.

1.38. Nos orzamentos de 2013 figuran 17 sociedades xa que non se incluíron as sociedades que non presentaban actividade, as dependentes das universidades e aquelas nas que a participación non é superior ao 50% (MEISA e Sotavento).

FUNDACIÓNS PÚBLICAS

1.39. Segundo a LOFAXGA son fundacións do sector público autonómico aquelas nas que conorra algunha das circunstancias seguintes: a) sexan constituídas por achegas maioritarias da Comunidade ou das súas entidades dependentes; b) o seu patrimonio fundacional con carácter de permanencia estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos achegados ou cedidos pola Administración xeral ou as súas entidades dependentes ou c) sexan financiadas maioritariamente con cargo aos orzamentos da Comunidade sempre que, neste caso, esta controle os órganos de goberno.

1.40. Segundo o inventario de entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, a finais de 2013 as fundacións da Comunidade eran as seguintes:

Informe económico-financiero das entidades instrumentais

Cadro 9. Relación de fundacións integrantes do sector público

Nome	Data de constitución	Finalidade	Admón. pública sec
Instituto Galego de Oftalmoloxía	23/12/1994	Prestación de servizos especializados de consultoría, avaliación e servizos oftalmolóxicos	Si
Fundación Semana Verde de Galicia	16/03/1991	Promoción actividades agropecuarias, agroindustriais, alimentarias, comerciais, sociais e educacionais e de ocio	Si
Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense	24/12/1992	Promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas e aquelas que potencien o desenvolvemento dos ditos sectores	Non
Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo	29/12/1992	Promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas e aquelas que potencien o desenvolvemento dos devanditos sectores.	Si
Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada	31/12/1992	Organización e realización de feiras, exposicións e congresos e a organización de cursos F.I.P.	Si
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	10/06/1993	Organización fundacional de hemodonación e hemoterapia na C.A.. Promoción da doazón, extracción, procesamento e envío de sangue a hospitais	Si
Fundación Rof Codina	19/05/1994	Apoio á docencia clínica da Facultade de Veterinaria de Lugo. Investigación. Asistencia a animais	Si
Fundación Galicia - América	23/07/1996	Promover especialmente todas as accións que fomenten o acercamento á realidade galega de todos os países americanos	Pte.
Fundación Fomento Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico	01/10/1996	Promover a difusión e a aplicación de políticas en materia de calidade, tecnolóxica e innovación	Si
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	18/10/1996	Tutela, curatela e defensa xudicial de maiores de idade, incapacitados legalmente, residentes en Galicia	Si
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	29/12/1997	Docencia, formación e investigación na Administración e xestión sanitaria, sociosanitaria e saúde pública	Si
Fundación Galicia Europa	15/02/1998	Promoción de todas as accións que propicien un acercamento entre Galicia e Europa	Non
Fundación Instituto Feiral de Vigo	06/05/1998	Promoción de feiras e congresos	Non
Fundación Instituto Feiral de A Coruña	05/08/1998	Promoción de feiras e congresos	Pte.
Fundación Pública Urgencias Sanitarias - 061	11/06/1999	Xestión e coordinación das demandas de asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria	Si
Fundación Cidade da Cultura	27/12/1999	Creación, explotación e promoción de áreas e centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico	Si
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	18/10/2000	Fomentar a investigación e desenvolvemento en materia cárnica, mellorar as técnicas de xestión produtiva e a formación prof. de recursos humanos	Si
Fundación Deporte Galego	27/04/2001	Promoción e incentivo do deporte e a práctica deportiva da C. A. Galega	Si
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	12/06/2001	Contribuír a mellorar as condicións para o desenvolvemento sostible dos recursos mariños.	Non
Fundación Galicia Saúde	24/06/2002	Xestión e administración da área hospitalaria da Mutualidade do Centro Galego de Buenos Aires	Pte.
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	23/09/2002	Manter e ampliar o acceso a convocatorias de proxectos de investigación reservadas a institucións sen ánimo de lucro	Si
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	22/05/2003	Dotar o sector artesanía galego dos profesionais e técnicos que precise mediante unha formación profesional non regrada e de carácter práctico	Si
Fundación Galega de Medicina Xenómica	15/01/2004	Actividades relacionadas coa medicina molecular	Si
Fundación Illa de San Simón	14/02/2007	Desenvolver actividades culturais e educativas relacionadas co mar; conservar e xestionar instal. e edificios das illas S. Simón e S. Antón	Si
Fundación Galega de Formación para o Traballo	05/05/2008	Promover, aplicar e implementar actuacións tendentes á configuración dun sistema integrado de formación profesional en Galicia así como calquera dos fins recollidos no art 7 dos seus estatutos	Non
Fundación Pública Camilo José Cela	25/09/2012	Promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio	Pte.
Fundación Sotavento Galicia	01/08/2008	Promoción, apoio e fomento de actuacións de interese xeral destinadas a incentivar e divulgar as enerxías renovables	Pte.
Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIAN)	11/06/2008	Contribuír ao fortalecemento da industria das telecomunicacións en Galicia	Pte.
Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	11/10/2006	Mellora e aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais	Pte.
Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal	30/01/2007	Buscar sinerxías e complementariedades nos centros académicos universitarios da eurorrexión para reforzar as capacidades entre as universidades	Pte.
Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo	03/12/2007	Promover, impulsar e apoiar o desenvolvemento tecnolóxico do sector agroalimentario	Si
Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia	30/07/2010	Contribuír á mellora da competitividade da industria agroalimentaria e láctea	Pte.
Fundación Dieta Atlántica	30/10/2007	Fomentar o estudo, investigación e difusión da dieta atlántica para a saúde e o benestar da poboación	Pte.
Aquae Querquennae-Via Nova	20/07/2000	Protección, estudo e promoción do complexo arqueolóxico	Pte.
Vigo Convention Bureau	01/01/2010	Desenvolvemento da economía produtiva e social mediante a potenciación de infraestruturas turísticas	Pte.
Fundación Universidade da Coruña	29/04/1998	Promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade	Pte.
Fundación Universidade de Vigo	08/10/1997	Actividades auxiliares á educación	Pte.
Fundación USC- Deportiva	31/01/2008	Promoción, incentivo e desenvolvemento da actividade físico-deportiva universitaria	Pte.

1.41. Con relación ao cadro anterior cómpre efectuar unha serie de precisións:

- a) Nos exercicios 2011-2012 suprimíronse e déronse de baixa do inventario: as fundacións de desenvolvemento comarcal, a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, a Fundación Galicia-Emigración, a Fundación Milenio, a Fundación Galega de Prevención de Riscos Laborais e a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola de Galicia. En 2013 dáse de baixa a Fundación Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia e o Instituto Galego de Cooperación Iberoamericano.
- b) Permanecen no inventario a finais de 2013 pero está formulada a súa eliminación a Fundación Galicia Saúde e a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.
- c) Dáse de alta no inventario no primeiro semestre de 2013 a Fundación Universidade de Vigo.
- d) Como feitos posteriores son baixas, no inventario a 1 de xullo de 2014, a Fundación Fomento Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico, a Fundación Illa de San Simón e o Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia.
- e) A Fundación Cidade da Cultura e as fundacións públicas sanitarias aparecen clasificadas no inventario elaborado polo Ministerio como entes públicos.

I.5. ENTIDADES PÚBLICAS NON INVENTARIADAS

1.42. A identificación das entidades integrantes do sector público autonómico realizada fundamentalmente polo Ministerio de Hacienda a través do inventario de entes dependentes é unha tarefa complexa que se atopa en permanente actualización. É habitual que en cada publicación semestral aparezan novas entidades que non foran identificadas en publicacións anteriores a pesar de estar xa constituídas ou que se dean de baixa entidades que desaparecen ou deixan de cumprir os requisitos para seren consideradas como integrantes do sector público autonómico.

1.43. Non consta que a Comunidade Autónoma teña posto en marcha o rexistro de entidades previsto no artigo 52 da LOFAXGA. Tampouco a existencia dun sistema que permita coñecer con exactitude e de maneira actualizada as entidades que cumpren ou potencialmente poidan cumprir os requisitos legais para seren consideradas como integrantes do sector público, en particular, en entidades como as fundacións nas que a súa pertenza ao perímetro da Administración esixe una avaliación periódica para comprobar se se cumpren os requisitos de control, patrimonio e financiamento público.

1.44. Non consta no inventario do Ministerio determinadas entidades cuxas características poderían determinar a súa pertenza ao sector público. En particular, as fundacións de investigación sanitaria e

algúns centros tecnolóxicos.

1.45. Respecto dos centros tecnolóxicos, constituídos con forma de fundación, só 5 se atopan inventariados. Aínda que neste tipo de entidades poden concorrer circunstancias distintas que avalen o seu carácter público ou privado cómpre ter en conta as seguintes cuestións: os órganos de goberno son mixtos e habitualmente o sector privado resérvase un número maior de membros. O financiamento é maioritariamente público, aínda que esta condición non outorga, por si mesma, carácter público á fundación. Algúns centros tecnolóxicos desenvolven as súas actividades en instalacións públicas cedidas, polo que este feito debe ser valorado para comprobar se o patrimonio fundacional é maioritariamente público.

1.46. Polo que atinxe ás fundacións de investigación sanitaria, o criterio do Consello de Contas manifestado, nos informes da Conta Xeral do SERGAS dos exercicios 2007 e 2008, é que estas entidades deben ser consideradas integrantes do sector público. Porén, na actualidade seguen sen estar inventariadas nin a Administración autonómica exerce control ningún sobre elas.

1.47. A Administración autonómica non dispón dun inventario de entidades con participación pública autonómica pero sen control por parte da Comunidade (participación autonómica minoritaria). Este inventario debería incluír as sociedades mercantís, os consorcios e as fundacións nas que a Administración realizase achegas e/ou participe nos seus órganos de goberno. Esta información resulta necesaria para coñecer a situación de entidades nas que varias administracións, a través das súas achegas, ostentan o control aínda que individualmente consideradas ningunha teña unha participación maioritaria. Na actualidade, non se está a exercer control nin seguimento ningún sobre estas entidades. Esta circunstancia concorre nalgunha entidade que figura no inventario do Ministerio de Hacienda como por exemplo, a Sociedade e a Fundación Parque Eólico Sotavento. Nestas entidades a participación da Xunta e do Estado alcanza o 51%, sendo a Xunta, a través do Inega, o accionista con maior participación (30,5%).

I.6. PLAN DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO DEPENDENTE

1.48. En abril de 2010 o Consello da Xunta acordou iniciar un plan de avaliación e racionalización das entidades públicas dependentes. A este plan seguiulle outro en xuño de 2011. En setembro de 2014 aprobouse a III fase do plan de racionalización.

1.49. Ningún destes plans foi obxecto de publicación nin tampouco os informes nos que se avalía o seu grao de realización (informes de seguimento). A Xunta tampouco ofrece información específica sobre estes plans na súa páxina web. A única información proporcionada pola Administración autonómica contense na referencia dos Consellos da Xunta celebrados nos que se facilita un resumo

informativo aos medios dos acordos adoptados. Porén, a nivel central o Ministerio de Hacienda publica semestralmente un informe sobre reordenación do sector público autonómico.

1.50. Segundo a última información publicada referida a 1 de xullo de 2014 a Comunidade Autónoma comprometeu unha redución neta de 60 entidades o que supón o 37% das entidades existentes en 2010 o que permitiría pasar de 161 a 101 entidades dependentes. O grao de execución a principios do 2014 era dun 87% xa que se fixeran efectivas 52 extincións. Tanto a importancia relativa da redución comprometida coma o grao de execución son similares á media das restantes comunidades.

1.51. A pesar de que a redución neta formulada acadou o 37% do total de entidades, a importancia económica dun gran número das entidades extinguidas é menor. De feito, os aforros previstos para o período 2011-2015 polas baixas é de 19,85 millóns de euros o que representa menos do 1% dos fondos xestionados polas entidades dependentes.

1.52. Non se achega información detallada sobre a orixe e composición dos aforros previstos, nin sobre o destino do patrimonio das entidades disoltas e sobre as solucións adoptadas en relación co persoal das entidades extinguidas. Dende un punto de vista da transparencia, debería facilitarse información sobre todos estes extremos.

1.53. O informe sobre reordenación do sector público autonómico a 1 de xullo de 2014 elaborado polo Ministerio de Hacienda sinala que Galicia acadou un aforro real total polas baixas efectivas de entidades no período 2011-2015 de 14,39 millóns de euros e cífrase unha redución de persoal de 219 efectivos.

1.54. Ademais da supresión e reordenación de entidades, a Administración impulsou outras medidas de racionalización nas entidades que subsisten, nomeadamente en materia de persoal e limitación das retribucións de altos cargos.

II. RENDICIÓN DE CONTAS, TRANSPARENCIA E CONTROL

2.1. Nesta epígrafe analízanse a rendición de contas, o nivel de transparencia da información económica e o grao de control das entidades instrumentais.

II.1. RENDICIÓN DE CONTAS

2.2. As entidades instrumentais están obrigadas a render as súas contas anualmente ao Consello de Contas de Galicia para a súa fiscalización.

2.3. Segundo a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Administración autonómica formará anualmente a Conta Xeral da Comunidade que abranguerá a totalidade das operacións económicas levadas a cabo durante o exercicio pola Administración e os seus entes dependentes. Con todo, tradicionalmente non todas as entidades controladas pola Administración autonómica integran os seus estados contables na Conta Xeral. Deste xeito, a rendición das contas ao Consello facíase a través de dous medios:

- A Conta Xeral rendida por conduto Intervención Xeral antes do 31 de outubro.
- As contas individuais das restantes entidades que son remitidas directamente por estas ao Consello de Contas, sendo o prazo legal límite de rendición antes do 30 de xullo.

Esta eiva tense subsanada de xeito case total xa que en 2011 e 2012 integráronse na Conta Xeral a práctica totalidade das entidades públicas dependentes. Este feito vén propiciado pola considerable ampliación do perímetro dos orzamentos a partir de 2010, como consecuencia da reforma da Lei de réxime financeiro realizado pola Lei 3/2009. Esta norma modificou o ámbito subxectivo dos orzamentos, pero non así o da Conta Xeral, polo que na actualidade prodúcese unha asimetría entre o ámbito subxectivo dos orzamentos da Comunidade Autónoma e a Conta Xeral, que debe ser corrixida. Este problema foi xa advertido polo Consello de Contas no seu informe sobre a Conta Xeral de 2008, no que se recomendaba que, ata que se efectuase a reforma da lei, era conveniente integrar na Conta Xeral a todas as entidades públicas autonómicas.

Rendición en 2013

2.4. A Intervención Xeral rendeu, en prazo, a Conta Xeral do exercicio 2013, que ademais da información relativa á Administración xeral da Comunidade Autónoma inclúe as contas de 10 organismos autónomos, 2 entidades de consulta, 13 axencias, 3 entidades públicas empresariais, 19 sociedades mercantís autonómicas, 23 fundacións públicas e 14 consorcios. Estas contas están dispoñibles na seguinte dirección electrónica <http://www.ccontasgalicia.es/>.

2.5. Renderon individualmente e directamente as súas contas do exercicio 2013 6 consorcios. Non renderon as súas contas as entidades que figuran no cadro 11. Entre elas destacan as entidades dependentes das Universidades e os fondos de capital risco xestionados por XesGalicia.

2.6. No cadro seguinte amósase un resumo da rendición en 2013.

Cadro 10. Situación da rendición de contas de 2013

EXERCICIO 2013					
Tipo de Entidade	Rendición en prazo na Conta Xeral	Rendición en prazo directa	Rendición fóra de prazo	Non rendidas	Total
OO.AA. Administrativos e entidades de consulta	12				12
Axencia	13			1	14
Entidades Públicas Empresariais	3				3
Sociedades Públicas	19			10	29
Fundacións	23			15	38
Consortios	10	4	2	4	¹³ 20
TOTAL					¹⁴ 116

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas.

Cadro 11. Contas non rendidas 2013

RELACIÓN DE CONTAS NON RENDIDAS EN 2013	
Axencias	Fundacións
Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e a Avaliación da Formación Profesional (non ten actividade)	Fundación Galicia América
Sociedades Públicas	Fundación Galicia Saúde
Corporación Universitaria da Coruña, S.L.	Fundación Galega de Formación para o Traballo
Estación de Inverno de Manzaneda	Fundación Camilo José Cela
Cidade Tecnolóxica de Vigo S.A.	Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia
Cursos Inter. Univer. Santiago de Compostela S.A.	Centro de Estudos Eurorexionais Galicia-Norte de Portugal
S. Galioil S.A. (Sen actividade)	Centro Tecnolóxico e Agroalimentario de Lugo
S. Xestora de Intereses Univer. Santiago de Compostela (Unixest S.L.)	Fundación Sotavento Galicia
S. Prom. Iniciativas Innovadoras S.L.	Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)
Sotavento Galicia, S.A.	Aquee Quernennae - Vía Nova
Cidade Universitaria S.A.	Fundación Dieta Atlántica
Fondo de capital risco Adiante	Fundación Universidade da Coruña
Consortios	Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña
Consortio Audiovisual de Galicia (en proceso de extinción)	Vigo Convention Bureau
Consortio Centro Oncolóxico	Fundación Universidade de Vigo
Consortio servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Carballiño e o Ribeiro	
Consortio Provincial Lugo Servizo contra incendios e salvamento	

¹³ Tal como se indicou na epígrafe I, a finais de 2013 estaban inventariados 18 consorcios. Porén, neste cadro aparecen 20 entidades pola inclusión de dous consorcios que renden contas a pesar de non estar inventariados. Trátase do Consorcio para a xestión da rede básica de abastecemento de auga aos concellos de Cervo e Burela (que está integrado nos orzamentos da Xunta e na Conta Xeral) e do Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (que rende as súas contas de xeito directo e individual).

¹⁴ O número total de entidades do cadro (116) non coincide co número total de entidades inventariadas (114) como consecuencia da rendición dos dous consorcios non inventariados que se indican na nota a pé anterior.

¹⁵ Tampouco renden as súas contas os restantes fondos de capital risco. Estes son: Fondo de capital risco Emprende, Fondo de capital risco Xes-Innova, Fondo de capital risco Xes- Impulsa Ferrol, Fondo de capital risco Xes- Posibilita (extinguido en 2013) e Fondo de capital risco Fondo Tecnolóxico I 2 C.

II.2. TRANSPARENCIA

2.7. A información económica e financeira rendida polas entidades dependentes pon de relevo unha serie de eivas que deberían corrixirse co obxecto de incrementar a transparencia sobre a actividade desenvolvida polo sector instrumental.

A) Medio de presentación das contas

2.8. Segundo a lexislación vixente, a Conta Xeral comprende todas as operacións orzamentarias, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante o exercicio pola Administración. Xa que logo, a rendición de todas as contas do sector público autonómico debería realizarse nun acto único, a través da Intervención Xeral, integradas na Conta Xeral da Comunidade. Como se indicou anteriormente, nas contas de 2011 e 2012 ampliouse notablemente o perímetro da Conta Xeral e completouse en 2013. En todo caso, cómpre render as contas das entidades que non cumpren con esta obriga (relacionadas no cadro 11) e é oportuno reformar a normativa para ampliar o ámbito subxectivo da Conta incluíndo a todos os entes dependentes, na liña co que xa acontece na práctica.

2.9. Na actualidade, a rendición das contas por parte das entidades dependentes á Intervención Xeral e desta ao Consello de Contas efectúase en papel ou en formato PDF mediante escáneo das contas anuais. A experiencia doutras administracións, en todos os niveis (central, autonómico e local), pon de relevo a posibilidade e oportunidade de implementar un sistema de rendición telemática.

B) Plan de contabilidade aplicado

2.10. As entidades do sector público autonómico elaboran as súas contas seguindo plans contables distintos: o Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, o Plan xeral de contabilidade da empresa (ou das PEMES no seu caso) e a adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen ánimo de lucro.

2.11. O réxime contable aplicado por cada tipo de entidade varía en función da súa forma xurídica. Os organismos autónomos, as axencias e os consorcios aplican o Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. Tamén aplica este plan Augas de Galicia e Portos de Galicia aínda que con algún criterio tomado do plan privado. As sociedades públicas e a entidade CRTVG forman as súas contas de acordo cos principios contables e normas de valoración do Plan xeral de contabilidade da empresa. As fundacións públicas, en xeral, aplican o Real decreto 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

2.12. A aplicación de plans distintos (públicos e privados, xerais ou sectoriais, normais ou

abreviados), aínda que vén obrigada ou está permitida pola normativa non contribúe a ofrecer a mellor información económica sobre a actividade desenvolvida por distintos motivos. En primeiro lugar, o feito de que a forma xurídica de moitas entidades como sociedades mercantís non se axuste á súa verdadeira natureza económica (administrativa e non empresarial) provoca que a aplicación do plan empresarial privado non sexa a máis axeitada para ofrecer a imaxe fiel do patrimonio e dos resultados da empresa. En segundo lugar, a pertenza das fundacións e sociedades mercantís ao sector público esixiría que achegasen información adicional á que prevé a normativa privada e que na actualidade non recollen nas súas contas. En terceiro lugar, os criterios de valoración e de rexistro contable difiren entre entidades, o que afecta á comparabilidade e dificulta a ata agora limitada consolidación contable.

C) Mecanismos de publicidade e difusión

2.13. A Intervención Xeral non publica na súa web a Conta Xeral. Tampouco con carácter xeral as entidades dependentes publican en internet as súas contas. Este comportamento contrasta co que acontece noutras comunidades onde se pode acceder a esta información a través de internet.

D) Actualización do marco contable

2.14. O Plan de contabilidade pública de Galicia foi aprobado en 2001 e está inspirado no Plan de contabilidade pública xeral de 1994 e no plan privado do ano 1990. Estas dúas normas que serviron de base ao plan galego están na actualidade derogadas e foron substituídas por plans novos inspirados no pronunciamento de organismos internacionais en materia de contabilidade. A convivencia do plan público galego que contén normas e criterios contables moi diferentes ao novo plan privado aplicado polas sociedades e fundacións públicas afecta á homoxeneidade da información, á súa comparabilidade e dificulta os traballos de consolidación de contas. Ademais, o feito de que na Administración central e nalgúns comunidades autónomas estean a aplicarse plans actualizados tamén dificulta a comparación e pon de relevo a necesidade de actualizar o marco contable da administración galega.

E) Falta de instrucións e guías contables

2.15. Non existen instrucións ou guías contables que desenvolvan o marco normativo aplicable ás entidades dependentes. Un marco normativo heteroxéneo como o descrito (diferentes plans, distintos medios de rendición, diversos tamaños, ..) esixiría a elaboración de instrucións contables pola Intervención Xeral que clarificasen o réxime aplicable a cada entidade, realizasen as adaptacións dos plans ás entidades cando sexa necesario, normalizasen os formatos de rendición e, sobre todo, detallasen o contido das memorias.

F) Defectos nas memorias elaboradas

2.16. A memoria configúrase como un elemento básico para mellorar a transparencia das contas públicas, xa que lle corresponde completar, comentar, ampliar e explicar o resto de estados contables. Con todo, a análise das memorias rendidas pon de manifesto importantes deficiencias.

2.17. Nas entidades sometidas ao Plan de contabilidade pública, as memorias, con carácter xeral, non ofrecen información sobre todos os apartados contemplados na norma ou a información ofrecida é vaga e xeral. O feito de que o Plan de contabilidade pública de Galicia unicamente enuncie os apartados sobre os que se debe achegar información pero non regule o seu contido nin o formato da información provoca a heteroxeneidade dos documentos elaborados e incentiva as súas carencias. Porén, cómpre poñer de manifesto que no exercicio de 2013 obsérvase unha notable mellora na calidade das memorias elaboradas polas axencias públicas.

2.18. Pola súa banda, as fundacións e sociedades mercantís elaboran a memoria segundo os modelos e contido legal fixados nos plans *privados*. O problema, neste caso, radica en que a normativa privada é insuficiente para informar sobre moitos extremos que resultan necesarios tendo en conta a pertenza destas entidades ao sector público. Estas lagoas deberían ser cubertas por unha orde da Consellería na que se regulase o contido desta obriga de achegar documentación adicional económico-financieira e os formatos de presentación.

G) Falta de consolidación

2.19. As contas da Administración xeral e das entidades dependentes preséntanse de xeito individual sen que, practicamente, se ofrezca información consolidada. Na actualidade, producíronse algúns avances e a Conta Xeral ofrece algunhas variables e estados consolidados da Administración xeral, os organismos autónomos e axencias. Porén, non existe consolidación dos datos das entidades públicas empresariais, sociedades, consorcios e fundacións que se presentan exclusivamente de xeito individual sen que se ofrezca en ningún documento unha visión global sobre a situación e evolución deste sector.

H) Falta de información sobre aspectos económicos e de xestión básicos

2.20. Con carácter xeral, a documentación rendida polas entidades dependentes non inclúe información sobre os seguintes aspectos considerados esenciais para cumprir coa obriga de dar conta da xestión realizada.

2.21. Información de carácter orzamentario. As entidades sometidas ao Plan de contabilidade pública ofrecen información orzamentaria sobre a execución do gasto, do ingreso e as modificacións orzamentarias. As fundacións e sociedades públicas, a pesar da súa obriga de elaborar orzamentos de explotación e de capital, non ofrecen información sobre a execución destes nas súas contas

anuais.

2.22. Información sobre o cumprimento da Lei de contratos do sector público. As entidades sometidas ao Plan de contabilidade pública están obrigadas a ofrecer información sobre a contratación administrativa do exercicio. Con todo, algunhas entidades non ofrecen esta información. Nas entidades nas que se inclúe este apartado, ofrecen información heteroxénea que difire en contido e alcance. Por outra banda, as fundacións e sociedades mercantís non ofrecen ningunha información sobre esta cuestión a pesar da súa consideración como poderes adjudicadores a efectos da lei de contratos.

2.23. Información relativa ao persoal. A información ofrecida sobre este apartado polas entidades dependentes tamén é escasa ou inexistente. A información debería conter a distribución e retribucións por categorías, a distribución por tipo de contrato e nivel profesional e unha explicación sobre a variación da masa salarial e do número de efectivos no exercicio.

2.24. Información sobre o grao de execución de contratos-programa e encomendas de xestión. A información rendida non contén información sobre estes extremos. Na medida en que vai en aumento o modelo de axencias nas que o contrato de xestión ocupa un papel esencial e tendo en conta que as encomendas de xestión son unha figura xurídica cada vez máis empregada nas relacións entre a Administración xeral e as entidades dependentes faise necesaria a elaboración de información específica sobre estes aspectos.

2.25. Información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión. Na actualidade non se ofrece información sobre estes aspectos que si veñen recollidos, como apartados de contido obrigado, no Plan xeral de contabilidade aplicable á Administración do Estado. Os avances realizados en materia de elaboración de orzamentos que obrigan ás entidades dependentes a definir os seus obxectivos estratéxicos e operativos debería acompañarse dun esforzo na rendición de contas informando do cumprimento do planificado e previsto.

2.26. Información sobre déficit e débeda pública. As entidades dependentes non ofrecen ningunha información sobre estes extremos. Na Conta Xeral inclúese información resumida sobre as entidades que consolidan, o seu déficit e a súa débeda coa Administración xeral e sobre o cálculo da necesidade ou capacidade de financiamento. A Intervención Xeral debería de completar esta información indicando de maneira individualizada o déficit/superávit e a débeda en termos SEC de cada entidade.

2.27. Compromisos de gastos futuros, litixios, riscos e incertezas. As entidades sometidas ao plan público informan dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros. Non acontece o mesmo no resto de entidades. A información sobre os gastos con repercusión orzamentaria no futuro e

sobre todos aqueles feitos que poidan afectar de maneira significativa aos próximos exercicios deberían ser especificamente mencionados na memoria para poder comprobar o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira entendido como a capacidade de asumir compromisos que poidan ser atendidos no futuro.

2.28. Información sobre as operacións coa Administración xeral e coas restantes entidades dependentes. Tampouco esta información é accesible, en todos os casos, mediante consulta ás contas anuais das entidades. Ademais, os criterios de elaboración difiren considerablemente nas entidades en que se inclúe información ao respecto. Un apartado da memoria no que se indicasen os ingresos e gastos, así como os activos e pasivos existentes vinculados á Administración xeral e ás restantes entidades dependentes permitiría identificar as operacións internas e configúrase como condición necesaria para proceder á consolidación das contas.

2.29. Informes de xestión e memorias de actividade. A maior parte das sociedades mercantís (obrigadas pola lexislación mercantil) e algúns entes públicos xuntan ás contas anuais un informe de xestión. Valorando positivamente este feito, é necesario sinalar que case ningún informe achega información sobre os riscos e incertezas aos que se enfronta a entidade, nin sobre as súas políticas de investimento, nin referencian feitos salientables sobre a evolución da actividade. Aínda que non forman parte das contas anuais, as memorias de actividade e os informes de xestión deberían xuntarse a estas ou darlle difusión e publicidade a estes documentos que serven para coñecer, desde a perspectiva de xestión, as actividades desenvolvidas polas entidades no exercicio.

2.30. Prazos de pagamento. As sociedades mercantís están obrigadas a subministrar información sobre o cumprimento da normativa sobre morosidade. Esta obriga debería estenderse a todas as entidades públicas. Ademais, a Intervención Xeral debería elaborar instrucións que homoxeneizasen a información deste apartado que na actualidade difire notablemente entre a pequena porcentaxe de organismos que achegan esta documentación.

II.3. CONTROL

Control interno da consellería de adscrición

2.31. O control económico-financiero das entidades dependentes realízase por distintos órganos, a distintos niveis e a través de modalidades ou formas distintas.

2.32. Un primeiro nivel de control é o que exerce a propia entidade e os seus órganos de goberno sobre a actividade desenvolvida. Neste control, na súa vertente económica, ocupa un papel central o control orzamentario, co obxectivo de levar un control sobre a execución dos seus orzamentos de gasto, con independencia de que estes sexan limitativos ou estimativos. Este control resulta aínda

máis imprescindible na medida en que a maior parte das entidades fináncianse con recursos públicos. A partir do ano 2009 prodúcense avances importantes na información que inclúen os orzamentos elaborados polas sociedades e fundacións públicas que deberán detallar os obxectivos estratéxicos e operativos perseguidos, os medios persoais dos que se dispón e o financiamento, transferencias e subvencións recibidas. En calquera caso, non consta que se faga un seguimento periódico do nivel de cumprimento dos obxectivos establecidos nos orzamentos aprobados.

2.33. A normativa tamén prevé a existencia de controis de eficacia desenvolvidos polas consellerías de adscrición sobre algúns organismos dependentes, sen que exista constancia de que este tipo de control se estea a desenvolver.

Control interno da Intervención Xeral

2.34. O principal control interno económico-financiero é o realizado pola Intervención Xeral.

2.35. O control da Intervención Xeral é exercido basicamente a través de dúas modalidades: fiscalización previa ou control financeiro permanente. O primeiro supón unha intervención previa dos actos de contido económico que pode ter carácter suspensivo. O segundo sistema de control descansa en dous piares: a) na obriga por parte dos entes controlados de comunicar, con carácter previo, as decisións de gasto, mediante un extracto do expediente, á Intervención Xeral que emitirá un informe que non terá efectos suspensivos e b) no control posterior realizado pola Intervención Xeral mediante auditorías e segundo un plan anual.

2.36. A Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) supuxo a modificación da estrutura e tipoloxía das entidades dependentes. No que atinxe ao control, esta norma remite ao que dispoña a normativa de réxime orzamentario e financeiro. O problema radica en que esta norma non foi actualizada en materia de control (si foi modificado o réxime orzamentario) polo que resulta aplicable a disposición transitoria cuarta que sinala que o réxime previsto para os antigos organismos autónomos administrativos se aplicará aos organismos autónomos e aos consorcios, o réxime dos antigos organismos autónomos comerciais aplicarase ás entidades públicas empresariais, e, por último, o das sociedades públicas ás sociedades mercantís e fundacións. Polo que se refire ás axencias a LOFAXGA sinala que o control interno corresponde á Intervención Xeral sen establecer en concreto ningunha modalidade de control. Polo tanto, cómpre actualizar a normativa de control para establecer un réxime que fixe o marco xeral aplicable a cada tipo de entidade evitando as asimetrías entre o sector público definido pola LOFAXGA e o sector público a efectos de orzamentos, contabilidade e control, ao mesmo tempo tampouco coincidentes entre eles.

2.37. Na práctica, os organismos autónomos e algunhas axencias están sometidos a control da Intervención na súa modalidade de fiscalización previa, é dicir, mediante a intervención previa dos

actos de contido económico. Pola súa banda, algunhas axencias, as entidades públicas empresariais, as sociedades mercantís e as fundacións públicas están sometidos ao control da Intervención Xeral na súa modalidade de control financeiro permanente.

2.38. O control financeiro permanente descrito no punto anterior é desenvolvido pola Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente, integrada na Intervención Xeral, que tamén ten atribuídas as funcións de coordinación do control sobre o SERGAS. Deste xeito, concéntrase nunha soa subdirección a supervisión do control da metade do orzamento da Administración.

2.39. O control exercido ten unha orientación fundamentalmente de legalidade, debendo potenciarse os controis financeiros orientados a coñecer a situación financeira, en particular, sobre a execución orzamentaria, a capacidade ou necesidade de financiamento, o endebedamento comercial e os riscos e incertezas que afecten á sustentabilidade financeira. Tamén deben priorizarse as auditorías operativas orientadas a verificar o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos e a boa aplicación dos fondos asignados. Estes traballos permitirían ter un mellor coñecemento para a racionalización e reordenación do sector no que a información económica debe ser un elemento fundamental nas decisións que se aproben.

2.40. A Intervención Xeral non elabora un informe comprensivo das actuacións desenvolvidas no exercicio de control permanente. Este informe, que contería os resultados e conclusións máis relevantes derivadas do exercicio do control financeiro permanente e da auditoría pública, posibilitaría un coñecemento sobre a situación das entidades en relación coa observancia dos requisitos e adecuación á normativa que regula a súa xestión.

2.41. Cómpre ampliar o perímetro control da Intervención Xeral aos fondos de capital risco e ás entidades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario. Exemplos destas entidades son MEISA (Estación invernal de Manzaneda), Parque Eólico Sotavento (sociedade e fundación), Parque Tecnolóxico de Galicia e outras fundacións públicas nas que a participación de todas as entidades públicas é superior ao 50% pero nas que ningún socio, patrón ou partícipe ten o control da entidade. Estas situacións deberían ser obxecto de regulación co fin de impedir que estas empresas, fundacións e consorcios queden nunha especie de limbo legal nas que ningunha das administracións tutelantes exerza funcións de control. A maior porcentaxe de participación e financiamento e o ámbito territorial das actividades desenvolvidas poden ser os criterios empregados para asignar o control da entidade a algunha das administracións que formen parte nela.

Informes de auditoría financeira

2.42. A lexislación mercantil e en materia de fundacións obriga ás entidades de certa dimensión a someter obrigatoriamente os seus estados contables anuais a unha auditoría financeira realizada

por un profesional independente habilitado para o exercicio da profesión. Os informes de auditoría acompañan as contas anuais, sen formar parte delas, e recollen a opinión do auditor sobre se a contabilidade reflicte a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

2.43. Polo que respecta ao sector público autonómico están obrigadas a auditarse as seguintes entidades:

1. As sociedades que de acordo coa Lei de sociedades de capital non poidan formular balance abreviado. Ademais, a normativa sobre auditoría de contas amplía o perímetro de auditoría a aquelas sociedades que durante un exercicio económico obtivesen fondos públicos por un importe acumulado de 600.000€ ou ben executasen contratos coa Administración por igual importe, sempre que supoña polo menos o 50% da súa cifra neta de negocio.
2. As fundacións nas que, durante dous exercicios consecutivos na data de peche destes, concorran polo menos dúas das circunstancias sinaladas no artigo 37 da Lei 12/2006 de fundacións de interese galego: que o activo supere os 2,4 millóns de euros, que a cifra de ingresos pola súa propia actividade supere os 2,4 millóns de euros; que o número de traballadores supere os 50; e que o valor das vendas e dos gravames de bens e dereitos da fundación realizados durante o exercicio económico supere o 50 por cen do valor total do seu patrimonio.
3. Aquelas entidades nas que así o esixa a súa propia normativa. Esta situación concorre nalgúns entes de dereito público nos que a súa normativa de creación prevé a realización de auditorías anuais.

2.44. Con carácter xeral, as sociedades de auditoría son contratadas directamente polas entidades controladas, sen que a Intervención Xeral participe neste proceso de selección e seguimento dos traballos e informes. Neste sentido, podería ser conveniente establecer un proceso de participación da Intervención na contratación destes traballos e no seguimento dos resultados co obxectivo dun mellor desempeño das funcións de control interno da actividade económico-financiera que ten atribuídas. Nesta liña, cómpre salientar como avance que en 2013 a Intervención procedeu á contratación da auditoría de contas anuais nalgúns axencias.

2.45. No seguinte cadro relaciónanse, por tipo de entidade, os informes de auditoría achegados xunto coas contas anuais das entidades instrumentais no exercicio 2013.

Cadro 12. Informes de auditoría das contas anuais 2013

Tipo de entidade	Entidades non auditadas	Entidades auditadas	Informes con opinión favorable sen salvidades	Informes con opinión favorable con salvidades
Organismos autónomos e entidades de consulta	11	0		
Axencias	5	8	4	4
Entidades públicas empresariais	1	2	1	1
Sociedades mercantís	3	16	15	1
Fundacións públicas	9	14	13	1
Consortorios	9	2	2	

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas

2.46. Do reflectido nos cadros anteriores obsérvase que unha parte importante das entidades que forman as súas contas de acordo con Plan xeral de contabilidade pública de Galicia non someten as súas contas anuais a auditoría financeira.

2.47. Nas entidades que se someten a auditoría financeira predominan os informes con opinión de auditoría favorable sen salvidades. Agora ben, na maior parte deste informe inclúense parágrafos de énfase do auditor que, sen afectar a opinión sobre as contas, poñen de relevo unha serie de observacións normalmente sobre a situación financeira ou a viabilidade das entidades.

2.48. As principais salvidades e observacións realizadas nos informes poden sistematizarse nos seguintes grupos:

2.49. *Incertezas sobre a continuidade da actividade.* Prodúcese esta observación nas Fundacións Semana Verde e Galicia Europa. Tamén nas Xestur de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra cuxa fusión nunha nova sociedade (Xestión do Solo de Galicia Xestur S.A.) foi aprobada polo Consello da Xunta con efectos do 1 de xaneiro de 2014.

2.50. *Incertezas sobre os efectos económicos nas contas de reclamacións ou litixios pendentes de resolver ou de sentenzas pendentes de executar.* Esta referencia inclúese no informe da Axencia Galega de Infraestruturas, Axencia Tributaria de Galicia, Fundación Deporte Galego, Retegal S.A., SOGAMA e Portos de Galicia.

2.51. *Incertezas sobre os efectos económicos derivadas de actuacións de comprobación e inspección tributaria.* Inclúese no informe da Fundación do Deporte Galego.

2.52. *Salvidades relativas ao inventario e á valoración de bens.* Figura nos informes da Axencia Galega de Infraestruturas, Portos de Galicia e Intecmar.

2.53 *Observacións relativas á aplicación do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia* (non adaptado ao Plan xeral de contabilidade pública vixente publicado na Orde EHA/1037/2010 do 13 de abril). Afecta a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Axencia Galega de Innovación e Axencia de Turismo de Galicia.

III. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCIERA DO SECTOR INSTRUMENTAL

3.1. O obxectivo desta epígrafe é ofrecer unha visión consolidada da situación económica do sector público instrumental co fin de coñecer a súa posición global e as súas principais fortalezas e debilidades financeiras. A estrutura da epígrafe é a seguinte:

1. Os orzamentos dos entes dependentes.
2. Situación económica consolidada a través das seguintes variables:
 - a. Volume de recursos xestionados.
 - b. Nivel de autofinanciamento.
 - c. Gastos de persoal.
 - d. Remanente de tesourería ou fondo de manobra.
 - e. Resultado do exercicio e patrimonio neto.
 - f. Endebedamento.
3. Estabilidade orzamentaria.
4. Sustentabilidade financeira.

III.1. OS ORZAMENTOS DOS ENTES DEPENDENTES

3.2. As entidades instrumentais teñen un réxime orzamentario distinto en función da súa forma xurídica.

3.3. Os organismos autónomos e as axencias teñen orzamentos de gastos limitativos e os seus presupostos consolidan cos da Administración xeral. Polo tanto, o seu funcionamento, neste eido, é similar á Administración xeral.

3.4. As entidades públicas empresariais, as sociedades mercantís, as fundacións públicas e os consorcios¹⁶ teñen orzamentos estimativos e están obrigados a elaborar un orzamento de explotación e de capital. Os seus orzamentos xúntanse aos xerais pero non consolidan con estes. Estas entidades teñen un réxime orzamentario máis flexible.

3.5. Ata 2010 os orzamentos non integraban a tódalas entidades dependentes, xa que a meirande parte das fundacións e todos os consorcios non figuraban nos orzamentos xerais. Esta limitación

¹⁶ Ata 2012 non existían previsións legais que regulasen o réxime orzamentario dos consorcios. A lei de acompañamento dos orzamentos de 2012 establece para estes o mesmo réxime que as fundacións e sociedades, é dicir, orzamento estimativo. Tamén se prevé ese mesmo carácter para os orzamentos das entidades públicas empresariais.

posta de manifesto polo Consello de Contas nos seus informes, foi corrixida pola Lei 3/2009, que incorpora aos orzamentos a todas as entidades que, segundo as normas de contabilidade nacional (criterio SEC), teñan a consideración de Administración pública. Esta redacción ampliou notoriamente o perímetro dos orzamentos e a partir dela os orzamentos inclúen a práctica totalidade de entidades dependentes da comunidade.

3.6. Unha análise dos orzamentos¹⁷ das entidades instrumentais dende 2002 permite observar como ten evolucionado a xestión do orzamento, en termos relativos, por parte das distintas entidades públicas. Para a elaboración do cadro 15, dividimos o orzamento en tres unidades:

- a) Administración xeral que inclúe o orzamento xestionado directamente polas Consellerías,
- b) Sergas,
- c) Administración instrumental que engloba o orzamento xestionado polos organismos autónomos, axencias, entes públicos, sociedades, consorcios e fundacións.

Cadro 13. Porcentaxe do orzamento inicial xestionado polas distintas unidades integrantes do sector público

ÓRGANO	EXERCICIO										
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Admón. xeral	54,8	55,4	54,4	54,7	53,9	54,7	54,2	52,5	49,4	50,9	50,9
SERGAS	30,6	29,7	30,3	29,8	29,8	29,5	29,1	29,7	28,4	31,7	32,2
Admón. instrumental	14,6	14,9	15,3	15,6	16,4	15,8	16,7	17,8	22,1	17,4	16,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos orzamentos xerais.

3.7. A análise do cadro anterior pon de manifesto como no ano 2002 de cada 100 euros 15 eran xestionados polas entidades instrumentais. Esta porcentaxe increméntase lixeiramente no período 2006-2009 e sofre un crecemento máis considerable no exercicio 2010, onde 22 de cada 100 euros do orzamento inicial eran xestionados polo sector instrumental. Este crecemento ten varios motivos¹⁸ entre os que destacan: a) Incremento do orzamento do Instituto Galego de Vivenda e Solo, b) Incremento do orzamento da Sociedade Pública de Investimento, c) Aumento do orzamento da Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo e d) Incremento do orzamento do IGAPE pola inclusión das cantidades destinadas a concesión de créditos.

¹⁷ A análise efectuouse a partir dos orzamentos iniciais aprobados. Efectuouse unha consolidación eliminando as transferencias internas, de tal xeito que os recursos figuren na entidade final que xestiona os fondos. Tamén se eliminou a participación das entidades locais nos tributos do Estado, xa que a súa inclusión no orzamento como recursos xestionados pola Administración xeral distorsionaría a análise ao tratarse de meras operacións de tesourería que non deben figurar no orzamento e que na actualidade, seguindo o criterio expresado por este Consello, xa non se inclúen neste documento e teñen un tratamento extraorxamentario.

¹⁸ Para as entidades instrumentais con orzamento estimativo tomouse a suma do presuposto de explotación e de capital. Porén, observáronse algúns erros na elaboración destes orzamentos e nos importes incluídos na Lei como presuposto de cada entidade sen que se manteña un criterio de cómputo homoxéneo ao longo do tempo. No 2010 de maneira xeneralizada aparecen cantidades duplicadas nos orzamentos de explotación e de capital que inciden fortemente no crecemento da porcentaxe de gasto xestionado polo sector instrumental.

3.8. No ano 2011 e 2012 a participación do sector instrumental volve a situarse no 17%. A caída do orzamento e a necesidade de priorizar os servizos públicos básicos propiciou a diminución do orzamento das entidades instrumentais, nomeadamente, o IGAPE, o IGVS, a EPOSH, AGADER e o Xacobeo.

3.9. Os orzamentos de 2013, 2014 e 2015 melloran a información que se presenta sobre datos consolidados do sector público autonómico incluíndo dous cadros que resumen o orzamento de gastos e de ingresos de todo o sector público detallado por capítulos e por tipo de entidade. De acordo con esta información e excluindo as operacións de amortización de débeda podemos sinalar que a Administración xeral xestiona o 45% do orzamento de gastos, o Sergas o 37% e as restantes entidades o 18%, consolidándose a tendencia de xestión descentralizada do orzamento.

3.10. En termos absolutos, o cadro seguinte amosa a evolución dos orzamentos iniciais dos distintos tipos de entidades dependentes.

Cadro 14. Orzamentos iniciais por tipo de entidade (en millóns de euros)

ÓRGANO	EXERCICIO											
	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Organismos Autónomos	270,14	287,68	240,69	251,83	266,53	269,78	339,80	248,63	192,38	179,60	179,78	184,73
Axencias						29,80	28,65	24,81	520,21	677,21	604,47	628,01
Entes Públicos e Entidades Públicas Empresariais	373,63	409,83	462,31	505,09	554,48	1.043,64	1.060,02	691,33	270,92	197,00	129,65	114,14
Sociedades	419,87	547,97	759,31	773,36	925,68	683,21	1.102,00	674,35	588,94	495,20	673,23	636,60
Fundacións	160,34	155,43	172,18	186,13	212,42	144,24	203,62	171,24	138,73	124,97	112,76	121,19
Consortorios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	58,86	61,24	67,44	87,23	85,56	77,74
Total orzamentos	1.223,98	1.400,91	1.634,49	1.716,41	1.959,11	2.170,67	2.792,96	1.871,60	1.778,62	1.761,22	1.785,45	1762,41


Fonte: Elaboración propia a partir dos orzamentos xerais.

3.11. O cadro amosa uns orzamentos iniciais do sector instrumental que foi medrando de forma sostida ata 2010. En 2011 diminúe significativamente para manterse estable a partir dese ano. Cómpre ter en conta que o orzamento consolidado (organismos autónomos e axencias) medrou dende 2012 pola xeneralización do modelo de axencia.

3.12. Un bo indicador para coñecer a evolución do sector instrumental é a análise das transferencias previstas nos orzamentos. As subvencións orzamentadas para o financiamento do sector representaron en torno ao 9,3% ata 2008. En 2009 prodúcese unha lixeira baixada como consecuencia da desaparición das fundacións públicas sanitarias. En 2010 crecen as transferencias

ás sociedades e aos entes e sobre todo ao IGVS. En 2011 as transferencias de financiamento do sector baixan máis dun 20% nun contexto de diminución, en menor porcentaxe, dos orzamentos xerais da Xunta. Por último, en 2012 crecen de novo as transferencias ao sector tanto en termos absolutos como relativos, sobre todo pola creación da Axencia de Infraestruturas cuxos fondos estaban integrados ata ese ano dentro da Administración xeral. En 2013 continúa esta tendencia pola posta en funcionamento das axencias de Turismo, Tributaria, Innovación e Modernización Tecnolóxica. Nos exercicios 2014 e 2015 as transferencias internas orzamentadas presentan un leve aumento.

Gráfico 3. Transferencias e subvencións orzamentadas para o sector instrumental



III.2. SITUACIÓN CONSOLIDADA DOS ENTES DEPENDENTES

3.13. Nesta epígrafe trátase de analizar a situación económico-financiera en 2013 das entidades públicas dependentes, a partir dos datos ofrecidos polas súas contas anuais. Esta análise realízase a través das seguintes variables: recursos xestionados, grao de dependencia financeira, gastos de persoal, solvencia a curto prazo, endebedamento, fondos propios e resultado.

3.14. A situación financeira e patrimonial das entidades analizouse a partir dos datos das súas contas anuais. A información que se ofrece agrupa os datos en función da forma xurídica de cada tipo de entidade. No proceso de consolidación elimináronse tanto as operacións internas entre a Administración xeral e os entes dependentes como as realizadas entre estes. En calquera caso, as limitacións das contas postas de manifesto na epígrafe II.2 dificultaron o proceso de consolidación ao non garantir a identificación axeitada da totalidade das operacións vinculadas.

III.2.1. DIMENSIÓN DO SECTOR INSTRUMENTAL EN 2013

3.15. Nesta epígrafe reflíctese a dimensión do sector instrumental dende unha perspectiva agregada. Para iso, identificáronse todos os fondos xestionados no 2013 en atención á súa orixe, é dicir, a fonte da que proceden. En definitiva, cuantificáronse os recursos cos que contaron as entidades paralelas para facer fronte aos seus gastos, tanto de explotación como de capital.

3.16. Os recursos xestionados polas entidades instrumentais no exercicio 2013, agrupados por tipo de entidade reflíctese no cadro seguinte:

Cadro 15. Volume de recursos xestionados (en millóns de euros)

TIPO DE ENTIDADE	2013		2012	
	IMPORTE	%	IMPORTE	%
Organismos Autónomos (sen SERGAS)	278,9	17,57	317,8	20,70
Axencias	584,5	36,81	479,2	31,21
Entidades públicas empresariais (incluído grupo CRTVG)	226,3	14,25	227,8	14,84
Sociedades	318,6	20,07	309,3	20,15
Fundacións	116,5	7,34	121,08	7,89
Consortios	62,9	3,96	80,1	5,22
TOTAL	1.587,7	100	1.535,28	100

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas.

3.17. A comparación dos datos entre os dous exercicios amosa un crecemento dos recursos xestionados polo sector instrumental debido fundamentalmente á entrada en funcionamento de novas Axencias como a de Turismo e a Axencia Tributaria de Galicia.

3.18. Os **organismos autónomos** diminúen os seus recursos basicamente polos menores ingresos do Fondo Galego de Garantía Agraria e do IGVS. En calquera caso, estas dúas entidades seguen a xestionar máis do 90% do orzamento executado polo conxunto dos organismos autónomos.

3.19. Dentro das **axencias públicas**, o incremento nos recursos xestionados obedece á posta en funcionamento da Axencia Tributaria de Galicia, a Axencia de turismo de Galicia e a incremento dos recursos xestionados pola Axencia de Innovación e a Axencia de Modernización Tecnolóxica. En 2013, son a Axencia Galega de Infraestruturas, o IGAPE, a Axencia de Modernización Tecnolóxica e a Axencia Galega de Innovación as que asumen o maior volume de gasto.

3.20. As tres **entidades públicas empresariais** dispuxeron duns fondos en 2013 de 226,3 M€, importe similar ao exercicio precedente. Os recursos obtidos por cada entidade son os seguintes: 107,7 a Compañía Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades, 94,9 Augas de Galicia e 23,7 Portos de Galicia.

3.21. No sector **sociedades**, son Sogama, a SPI e Galaria as que concentran o maior volume de fondos en 2013.

III.2.2 FORMA DE FINANCIAMENTO E GRAO DE DEPENDENCIA FINANCEIRA

3.22. Os recursos xestionados polas entidades instrumentais proceden de distintas fontes: ingresos por prestación de servizos, ingresos financeiros, subvencións correntes e de capital da Administración autonómica o doutros entes públicos (fondos estatais, europeos ...), ampliacións de capital, achegas de socios para compensar perdas, endebedamento e outros ingresos.

3.23. As achegas procedentes da Administración autonómica constitúen a fonte principal de recursos para as entidades instrumentais tal como queda patente no cadro seguinte. Nel determínase o grao de dependencia das entidades instrumentais. Para iso, inclúense todas as achegas da Administración autonómica, xa sexa en forma de pagamento por servizos prestados polas entidades dependentes (encomendas de xestión), en forma de transferencias correntes ou de capital ou en forma de achegas para compensar perdas ou ampliar capital.

Cadro 16. Grao de dependencia financeira

TIPO DE ENTIDADE	2013	2012
	%	%
Organismos Autónomos	91,6	92,4
Axencias	94,9	93
Entidades públicas empresariais	61	70
Sociedades	49,6	50
Fundacións	80	84
Consortios	77,4	83,6

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas.

3.24. Os datos reflectidos no cadro anterior poñen de manifesto a forte dependencia financeira do sector instrumental das achegas realizadas pola Comunidade Autónoma, o que pon de relevo a súa escasa capacidade de xeración de recursos propios.

3.25. Nos **organismos autónomos**, o nivel de autofinanciamento é moi baixo. En 2013 tan só o IGVS, con operacións de promoción de solo, e o Instituto Galego de Consumo son quen de obter parte dos seus recursos á marxe das achegas públicas.

3.26. Nas **Axencias**, tan só IGAPE, a través da recuperación de créditos, obtén unha fracción non testemuñal dos seus fondos sen recurso ao Tesouro autonómico.

3.27. Nas **entidades públicas empresariais**, son Portos de Galicia, a través dos ingresos por servizos portuarios e Augas, con cargo ao canon de saneamento que sitúan o seu grao de

financiamento por riba do 50% en 2013, mentres que, na CRTVG e sociedades os ingresos externos son inferiores ao 15%.

3.28. Nas **sociedades**, é SOGAMA a sociedade con maior capacidade de xerar recursos, obtendo o 64% dos ingresos propios xerados polo sector sociedades públicas.

3.29. As **Fundacións públicas** amosan unha escasa capacidade de captar recursos externos. Este feito pon en cuestión a configuración como a fundación pública destas entidades, xa que a fundación debería ser empregada como un modelo que permita canalizar a participación e o financiamento privado en actividades de interese xeral.

3.30. Polo que atinxe aos **consorcios**, a pesar de ser entes de natureza interadministrativa con participación de varias administracións, obsérvase como a práctica totalidade do financiamento se realiza a través de achegas da Administración autonómica.

III.2.3. GASTOS DE PERSOAL

3.31. Nesta epígrafe amósase o gasto de persoal nos exercicios 2013 e 2012 nas entidades instrumentais e os cadros de persoal medios deses exercicios segundo a información consignada nas súas contas anuais.

Cadro 17. Gastos de persoal de cadro en número medio de efectivos

TIPO DE ENTIDADE	GASTO DE PERSOAL (MILLÓNS DE €)		Nº MEDIO DE EFECTIVOS	
	2013	2012	2013	2012
Organismos Autónomos	29,8	29,6	n.d.	n.d.
Axencias	58,7	37,9	1646	1.114
Entidades públicas empresariais	62,4	61,4	¹⁹ 1.173	²⁰ 1.175
Sociedades	34,3	36,2	843	882
Fundacións	37	37,8	908	975
Consorcios	35,8	35	n.d.	n.d.
Total	258	237,9		

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas.

3.32. O gasto de persoal do conxunto de entidades dependentes creceu en 2013 nun 8,4% respecto ao 2012 como consecuencia da posta en funcionamento de novas axencias.

3.33. Nos **organismos autónomos**, o gasto de persoal permanece no 2013 nos mesmos niveis

¹⁹ Augas de Galicia non proporciona nas súas contas información sobre o número de efectivos.

²⁰ Augas de Galicia non proporciona nas súas contas información sobre o número de efectivos.

que no exercicio anterior. As deficientes memorias económicas dos organismos autónomos impiden ofrecer información sobre o número de efectivos ao seu servizo.

3.34. Nas **axencias**, o gasto de persoal medra considerablemente pola entrada en funcionamento da Axencia Tributaria e da Axencia de Turismo. Cómpre poñer de manifesto que a mellora na información financeira contida nas memorias das contas anuais das axencias permite coñecer o cadro de persoal de cada ente.

3.35. Nas **entidades públicas empresariais**, tanto o gasto de persoal como o número de efectivos mantense estable nas tres entidades, se ben Augas de Galicia non proporciona información nas súas contas sobre a seu cadro de persoal.

3.36. As **sociedades mercantís** reducen o seu número de efectivos nun 4,4% e a súa masa salarial nun 5,2%. A esta redución contribúe notablemente a extinción do Centro Europeo de Empresas e Innovación (CEEI) e a diminución no gasto de persoal de SEAGA. Cómpre lembrar que o gasto de persoal nas sociedades mercantís reducírase significativamente en 2012 respecto a 2011.

3.37. Nas **fundacións**, a masa salarial redúcese nun 2,1%. O gasto de persoal diminúe na práctica totalidade das fundacións. Cómpre ter en conta que dúas fundacións públicas sanitarias (061 e Centro de Transfusións) concentran máis da metade do gasto e do número de efectivos do conxunto de fundacións.

3.38. O 88% do gasto de persoal nos **consorcios** focalízase no Consorcio Galego de Servizos Sociais, sen que as súas contas acheguen información sobre o seu cadro de persoal.

Evolución temporal dos gastos de persoal no período 2002-2013

3.39. Nesta subepígrafe analízase a evolución temporal do gasto de persoal das entidades institucionais en comparación coa evolución desta partida na Administración xeral. Para iso, amósanse a continuación dúas gráficas. A primeira reflicte a evolución no período 2002-2009. Tomando como base o primeiro ano pode observarse como o gasto no sector institucional se multiplicou case por 3,5 mentres que na Administración xeral medrou un 50%. A partir de 2009 o gasto de persoal diminúe na Administración xeral e no conxunto de entidades dependentes pero con dinámicas distintas. Así, mentres na Administración xeral redúcese máis dun 15%, no sector instrumental a redución ata 2012 era menor e no 2013 recupéranse os niveis de 2009 pola posta en marcha de novas Axencias.

Gráfico 4. Evolución gastos de persoal 2002-2009 (índices base 100)





Gráfico 5. Evolución gastos de persoal 2009-2013 (índices base 100)



III.2.4. SOLVENCIA A CURTO PRAZO

3.40. A análise da solvencia a curto prazo realízase a partir de dúas variables. Nas entidades que suxeitan as súas contas a contabilidade pública emprégase o remanente de tesourería, é dicir, a suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobramento menos as obrigas pendentes de pagamento. Nas sociedades e fundacións que aplican plans contables “privados” tómase como indicador, ante a ausencia dun estado de remanente de tesourería, o fondo de manobra (capital circulante) que é a diferenza entre o activo corrente (curto prazo) e o pasivo corrente (curto prazo). Aínda que o remanente e o fondo de manobra non son magnitudes completamente equivalentes, as limitacións na información achegada polas sociedades e razóns de operatividade recomentan unha análise conxunta nesta epígrafe. En calquera caso e tendo en conta que o estudo estático destas variables pode inducir a erros de interpretación, realizaranse unha serie de observacións para unha correcta comprensión dos datos ofrecidos.

3.41. O remanente de tesourería e fondo de manobra das entidades dependentes en 2013 e 2012 foi o seguinte:

Millóns de Euros

Cadro 18. Remanente de tesourería e fondo de manobra

TIPO ENTIDADE	2013	2012
Organismos autónomos	3,36	7,5
Axencias	89,81	101,83
Entidades públicas empresariais	2,2	38,4
Sociedades	212,4	108,2
Fundacións	59,4	58,7
Consortorios	22,2	19,6
TOTAL	389,37	334,23

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas.

3.42. Unha primeira lectura amosa unha boa situación financeira do sector instrumental, xa que os fondos dispoñibles son quen de facer fronte ás súas débedas a curto prazo. Podendo dar por boa esta afirmación dende unha perspectiva xeral, cómpre realizar unha análise detallada por tipo de entidade para coñecer a orixe, composición e significado destes saldos.

3.43. Respecto aos **organismos autónomos**, teñen ao peche de cada exercicio un remanente de tesourería total positivo. En 2013, a entidade que contribúe en maior medida a este saldo é o Instituto Galego de Consumo cun importe positivo de 5,36 M€ que se ven minorados polo remanente negativo do IGVS de -3,25 M€.

3.44. As **axencias** tamén teñen, nos dous exercicios, remanentes de tesourería totais positivos. O 80% do saldo concéntrase no IGAPE e en AGADER. A maior parte do remanente está materializado en dereitos pendentes de cobro das entidades fronte á Administración xeral. Paralelamente, a Administración xeral ten recoñecidas obrigas pendentes de pago fronte a estes organismos, polo que o efecto neto total sobre a situación de solvencia da Administración Autonómica é nulo. En 2013 a Axencia Galega de Infraestruturas presentaba un remanente negativo de -19,24 M€, que obedece fundamentalmente ás obrigas pendentes de aplicar ao orzamento (conta 409) a peche de exercicio por importe de 14,41 M€.

3.45. As **entidades públicas empresariais** presentaban en 2013 un remanente de tesourería positivo pero cunha importante caída respecto a 2012. A diminución do saldo este último ano responde ao remanente da entidade Augas de Galicia (1,6 M€ fronte aos 40,6 M€ do exercicio anterior), se ben o remanente neto despois de axustes e provisións sería negativo en -22,3 M€. Pola súa banda, Portos de Galicia presenta a peche de 2013 un remanente positivo de 4,6 M€. Por último, o remanente de CRTVG e sociedades en 2013 é negativo de -3,8 M€, como consecuencia fundamentalmente das provisións por reclamacións en materia de persoal, se ben o fondo de manobra, onde non se deducen estas provisións a longo prazo, é positivo en 5,1 M€.

3.46. As **sociedades mercantís** teñen un capital circulante positivo en 2013 que medrou respecto ao exercicio anterior e que ten un saldo considerable. Todas as sociedades teñen fondo de manobra positivo agás a Sociedade Pública de investimentos, Galaria e o Xacobero. Porén, cómpre efectuar unha serie de observacións sobre a composición do saldo. A melloría do saldo obedece en gran parte ao refinanciamento da débeda da Xestures convertendo a longo débeda que figuraba a curto en 2012 e polo tanto que minoraba o fondo de manobra. Por outra banda, unha parte significativa (313,8 M€) está materializado en existencias (obras en curso ou terminadas) das Xestures cuxo grao de realización e cobramento é incerto. Se corriximos o importe do fondo de manobra, excluindo as existencias, o capital circulante a peche de 2013 sería negativo.

3.47. As **fundacións** tamén teñen un fondo de manobra positivo. A peche do exercicio 2013, era a Fundación Cidade da Cultura a que achegaba a maior parte do saldo (22,4 M€), se ben este saldo estaba materializado en dereitos de cobro fronte á Administración xeral, é dicir, obedece a operacións internas. Por outra banda, as fundacións tiñan a peche de 2013 uns saldos líquidos (tesourería) de 27,1 M€ que cubrían unha porcentaxe importante das débedas a curto prazo fronte a terceiros (35,7 M€).

3.48. Os **consorcios** reflicten nas súas contas unha situación financeira solvente cuns fondos líquidos superiores ás débedas a curto prazo. Todos presentaban remanentes de tesourería positivos e os maiores saldos concentrábanse no Consorcio Casco Vello de Vigo, o Consorcio Galego de Servizos Sociais e na Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística.

III.2.5. ENDEBEDAMENTO

3.49. Nesta epígrafe analízase o endebedamento financeiro e comercial das entidades instrumentais, sen prexuízo do seu estudo, dende unha perspectiva de estabilidade orzamentaria, na epígrafe III.3.

3.50. Os datos extraídos das contas anuais de 2013 e 2012 son os seguintes:

Cadro 19. Endebedamento comercial e financeiro (en millóns de euros)

TIPO DE ENTIDADE	2013		2012	
	FINANCEIRA	COMERCIAL	FINANCEIRA	COMERCIAL
Organismos Autónomos		88,9	0	131,1
Axencias	60,9	155,3	76,5	151,7
Entidades públicas empresariais		79,2	1,9	135,7
Sociedades	693,7	150,1	732,8	148,7
Fundacións	2,2	35,4	3,5	37,4
Consorcios		7,8	0	9,0
TOTAL	756,7	516,7	814,7	613,6

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas.

3.51. As entidades instrumentais diminuíron o seu endebedamento en 2013 respecto a 2012 nun 10,8% pasando de 1.428 a 1.273 millóns de euros, reducíndose tanto o endebedamento financeiro como a débeda comercial.

3.52. Nos **organismos autónomos**, a débeda concéntrase no IGVS (83,5M€), se ben 80 M€ se corresponden con fianzas e depósitos recibidos. O endebedamento dos restantes organismos autónomos non é significativo e o seu importe total é cuberto polos seus saldos de tesourería. Os organismos autónomos non teñen endebedamento financeiro.

3.53. Nas **axencias**, o endebedamento financeiro concéntrase no IGAPE que acudiu ao endebedamento financeiro para obter os fondos necesarios cos que outorgar préstamos a empresas. Este feito coméntase máis polo miúdo na epígrafe III.4. Polo que atinxe á débeda comercial mantense estable respecto ao 2012.

3.54. Nas **entidades públicas empresariais**, desapareceu o endebedamento financeiro unha vez que a CRTVG amortizou totalmente os préstamos con entidades de crédito. Tamén se reduciu a débeda comercial, estando esta concentrada na entidade Augas de Galicia.

3.55. O endebedamento total das **sociedades** diminúe un 4,1% no 2013 respecto a 2012. Ao peche de 2013 a débeda financeira era de 693,7 M€, concentrada en SPI Galicia, as Xestures e Sogama. Dos 150 M€ de débeda comercial son Sogama e Xestur Coruña as que teñen os maiores saldos acredores.

3.56. O endebedamento das **fundacións**, que descendeu no período 2012-3 ten orixe basicamente comercial, é dicir, é orixinado polas operacións do tráfico habitual da entidade. Son a Fundación Centro de Supercomputación de Galicia e as Fundacións sanitarias (061 e Transfusións de Galicia) as que concentran o volume principal desta débeda.

III.2.6. RESULTADO E FONDOS PROPIOS

3.57. Nesta epígrafe analízase a evolución do resultado económico e os fondos propios nos distintos entes integrantes do sector público instrumental. En calquera caso, como consideración previa debe advertirse que estas magnitudes teñen un significado distinto en función da entidade que esteamos a estudar e segundo esa entidade aplica o plan de contabilidade público ou privado, xa que determinados criterios e normas contables difiren no tratamento de algunhas operacións (p.e: subvencións e transferencias) con repercusión directa nestas variables.

3.58. O resultado e fondos propios en 2013 e 2012 son os seguintes:

Cadro 20. Resultado e fondos propios (en millóns de euros)

	2013		2012	
	RESULTADO	FONDOS PROPIOS	RESULTADO	FONDOS PROPIOS
Organismos autónomos	4	559,1	12,8	422,1
Axencias	26	304,6	170,5	495,5
Entidades públicas empresariais	-179,4	340,5	-109,3	431,7
Sociedades	-16,1	187,1	-7,3	193,4
Fundacións	-1,6	162,4	-2,6	130
Consortorios	-0,6	85	7,4	104
TOTAL	-167,7	1.638,70	71,5	1.776,7

Fonte: Elaboración propia a partir das contas rendidas.

3.59. Os **organismos autónomos** en conxunto presentan fondos propios e resultados positivos, é dicir, aforro na conta de resultado económico-patrimonial tanto no 2013 como no 2012.

3.60. Nas **Axencias**, o resultado e os fondos propios son positivos de xeito global en 2013 e 2012. Porén, respecto ao aforro, nos dous exercicios o saldo positivo é minorado polo resultado negativo que presenta o IGAPE como consecuencia das dotacións realizadas para provisionar a súa carteira de investimento.

3.61. Nas **entidades públicas empresariais**, o resultado é negativo e xerado fundamentalmente pola CRTVG e sociedades e expresa a insuficiencia dos ingresos propios da compañía para facer fronte aos gastos totais. As achegas patrimoniais realizadas pola Administración xeral para compensar este déficit rexístranse pola Compañía directamente como fondos propios, sen pasar pola conta de resultados, polo que a perda expresa o resultado da xestión sen ter en conta a achega pública. Se tivésemos en conta as transferencias concedidas pola Xunta o resultado sería lixeiramente positivo nos dous exercicios.

3.62. Nas **sociedades**, os resultados negativos máis importantes dende un punto de vista cuantitativo son os de SODIGA, pola perda de valor na súa carteira de participacións e préstamos, as catro Xestures e Sogama. Por outra banda, Galicia Calidade presenta resultados negativos como consecuencia do xeito de contabilizar as achegas da Administración. Esta entidade, a diferenza das restantes, contabilizan directamente a achega pública como fondos propios sen pasar pola conta de resultados, polo que é recorrente a aparición de perdas cada exercicio. O resto de entidades rexistran as subvencións públicas como ingresos, polo que sempre que as subvencións sexan suficientes para cubrir o seu nivel de gasto non aparecen resultados negativos. En calquera caso, a normativa actual (Plan Xeral de Contabilidade e orde EHA/733/2010, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas) sinala que as achegas que non financien actividades concretas se contabilizarán directamente como fondos propios, nomeadamente, as transferencias con finalidade

indeterminada ou para compensar perdas xenéricas. A maior parte das achegas ás empresas públicas autonómicas responden a estas características polo que debería cambiarse a súa forma de contabilizarse, imputándose directamente a fondos propios e non tendo reflexo na conta de resultados.

3.63. Nas **fundacións públicas**, os resultados negativos concéntrase na Fundación de Feiras e Exposicións.

3.64. Nos **consorcios**, o resultado negativo é xerado polo Consorcio Galego de Servizos Sociais.

III.3. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

3.65. O Parlamento de Galicia instou ao Consello de Contas a realizar unha análise da evolución temporal do endebedamento da denominada Administración institucional en termos de contabilidade nacional, da súa razónabilidade e da súa sustentabilidade e, tamén, a realizar unha análise temporal das fontes de financiamento nos organismos públicos enmarcados no perímetro de consolidación previsto nos orzamentos, con detección de posibles supostos de sobrefinanciación ou excesos de tesourería.

3.66. A efectos de estabilidade orzamentaria, o sistema europeo de contas considera unidades públicas os entes que adopten unha forma xurídica pública (Administración xeral, organismo autónomo, axencia, entidade pública empresarial, consorcio) e as sociedades e outras entidades privadas (fundacións) controladas por unha unidade pública. Para que unha unidade pública non sexa considerada Administración pública é necesario que se financie maioritariamente (>50%) con ingresos comerciais, é dicir, con recursos que proveñan da venda de bens ou da prestación de servizos.

3.67. A entrada en vigor en setembro de 2014 do novo sistema europeo de contas (SEC 2010) ampliou o perímetro das entidades clasificadas dentro do sector Administración pública. Así, engádese á regra do 50% o criterio do comprador da produción, de tal xeito que se a entidade vende a súa produción á Administración matriz en condicións non de mercado debe considerarse Administración Pública.

3.68. A aplicación destas regras supón que os entes dependentes poden estar clasificados no sector Administracións públicas (produtores non de mercado) ou no sector sociedades (produtores de mercado = financiamento maioritario con ingresos comerciais). A consecuencia de que unha entidade sectorice nun ou outro sector é que, se é incluída dentro do perímetro Administracións Públicas a súa capacidade ou necesidade de financiamento (superávit ou déficit) e o seu endebedamento financeiro computará co do resto da Administración da Comunidade. Noutro caso,

a débeda e o déficit non consolidará, non se terá en conta para comprobar o cumprimento dos límites de estabilidade orzamentaria e permanecerá “fóra de balance”.

3.69. A maior parte das entidades autonómicas (66% a finais de 2013) son consideradas integrantes do sector Administracións Públicas polo que o seu déficit e a súa débeda computa a efectos de verificar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade sustentabilidade financeira. Galicia é unha das comunidades autónomas cunha maior porcentaxe de entidades dependentes incluídas no sector Administracións Públicas. A entrada en vigor do SEC 2010 amplía aínda máis o perímetro de consolidación.

3.70. As dúas magnitudes básicas en materia de estabilidade orzamentaria son o déficit e a débeda.

Déficit

3.71. A capacidade ou necesidade de financiamento das entidades que se integran dentro do perímetro da Administración compútase para calcular o déficit ou superávit desta, que se terá en conta para verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. A información achegada pola IGAE permite observar a evolución dos organismos autónomos e das sociedades, fundacións e entes a efectos de déficit e débeda. Este comportamento nos últimos 9 anos reflíctese no cadro seguinte:

Cadro 21. Déficit ou superávit das entidades instrumentais (millóns de euros)

SALDOS ORZAMENTARIOS NON FINANCEIROS	EXERCICIOS								
	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Axencias, entes e sociedades públicas incluídas no sector AAPP	105	40	77	7	-14	-33	-20	35	36
Superávit ou déficit da Comunidade	-166	75	100	-99	-411	-1.324	-926	-710	-626

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da IGAE.

3.72. No cadro anterior pode observarse como as entidades instrumentais non teñen repercutido de xeito significativo no déficit da Comunidade nos últimos anos. Cómpre ter en conta que o déficit ou superávit de cada entidade calcúlase computando como ingresos as transferencias recibidas da Administración, é dicir, unha entidade que se financia integramente pola Administración xeral pode ter superávit se os seus gastos son inferiores ás transferencias que recibe. Con esta premisa, os organismos e sociedades considerados Administracións Públicas, en termos SEC, achegaron capacidade de financiamento (superávit) ata o exercicio 2009. Este feito estaba motivado por que os seus ingresos eran superiores aos seus gastos xa que recibían fondos que non aplicaban, é dicir, non se mostraban eficaces na xestión dos recursos asignados co que se producían supostos de

sobrefinanciamento. Esta situación afectou fundamentalmente a AGADER e ao IGAPE. Nos exercicios 2009 a 2011, o conxunto de entidades presentan déficit de 14 M€, 33 M€ e 20 M€, respectivamente. En 2012 e 2013 achegaron un superávit de 35 M€ e 36 M€, respectivamente. Este último anos o detalle por entidade é o seguinte:

Cadro 22. Superávit ou déficit 2013 (millóns de euros)

CONCEPTO	IMPORTE
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO ACHEGADA POR CADA UNIDADE	
Consorcio Bibliotecas Universitarias	-3
Instituto Enerxético de Galicia (Inega)	-2
Ccio Galego Servizos Igualdade e Benestar	-2
Inst Tecnol Medio Mariño INTECMAR	-2
Cons Casco Vello de Vigo	-2
Instituto Galego Promoción Económica	-1
Xestur Orense	-1
Xestur Lugo	-1
Fundación do Instituto Feiral de A Coruña	-1
Instituto Galego de Vivenda e Solo	1
Parque Tecnolóxico de Galicia	1
Axencia Galega Desenvolvemento Rural (Agader)	1
RTVGalicia	1
Instituto Galego Calidade Alimentaria (Ingacal)	1
EP serv agrarios (Seaga)	1
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	1
Sdad Imaxe Promoción Turística	2
Fundación Fomento Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	4
Fondo Tecnolóxico I2C	7
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	31
Total	36

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da IGAE.

Endebedamento

3.73. O endebedamento das entidades instrumentais que son consideradas, a efectos de contabilidade nacional, como Administración pública computa dentro da débeda da Comunidade. Neste sentido, a débeda financeira do IGAPE e da SPI entre outras, inclúese dentro do endebedamento da Administración autonómica. Na actualidade tamén se inclúe a débeda das Xestures (fusionadas nunha soa entidade).

3.74. As entidades instrumentais clasificadas como sociedades non financeiras, a efectos SEC, presentan un baixo nivel de endebedamento en termos comparados. No cadro seguinte amósase o cociente débeda empresas públicas/PIB para Galicia e para o conxunto de comunidades.

Cadro 23. Ratio débeda/PIB empresas públicas que non consolidan (non AAPP)

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	0,4	0,4	0,5	0,4	0,4	0,4	0,3	0,2
Media CCAA	0,8	0,9	1,0	1,2	1,4	1,3	0,7	0,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Banco de España.

3.75. A evolución en termos absolutos foi a seguinte:

Cadro 24. Endebemento empresas públicas que non consolidan (non AAPP)

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Endebemento empresas	178	237	305	211	214	232	242	163

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da IGAE e Banco de España.

3.76. O descenso máis significativo tivo lugar en 2009 e debeuse á reclasificación de ACEOUSA que, inicialmente, fora incluída como sociedade non financeira, ao estar previsto que cubrise parte dos seus gastos de explotación co cobramento de peaxe aos usuarios da autovía Dozón-Ourense, e pasou a sectorizarse como Administración pública ao suprimir, antes da entrada en funcionamento, a peaxe prevista. Esta consecuencia xa fora advertida polo Consello de Contas nos seus informes.

3.77. A débeda a final de 2013 correspondente ás sociedades que non consolidan é a seguinte:

Cadro 25. Débeda das empresas públicas que non consolidan a 31 de decembro de 2013. (Miles de euros)

	Importe
Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A. (Sogama)	42.067
Xestión Urbanística de Lugo S.A. (Xestur Lugo)	46.100
Xestión Urbanística de Ourense S.A. (Xestur Ourense)	35.100
Xestión Urbanística de Pontevedra S.A. (Xestur Pontevedra)	35.100
Cidade Universitaria S.A.	1.107
Centro Tecnolóxico do Mar	3
Estación Invernal Manzaneda S.A.	2.947
Factoring sen Recurso (*)	1.067
Total	163.491

Fonte: Consellería de Facenda a partir de datos do Banco de España (BE Marzo/2014 SEC95) e Contas Anuais das Empresas Públicas
(*) Neste importe inclúense 1.019 miles de euros correspondentes a créditos comerciais financiados mediante operacións de "factoring sen recurso", da Sociedade Galega do Medioambiente S.A., máis outros 48 miles de euros de Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL S.A.

III.4. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

3.78. Nesta epígrafe analízase a capacidade de manter no futuro os compromisos asumidos e, tamén, identifícanse os riscos e ameazas que poden condicionar a evolución financeira futura das entidades instrumentais.

3.79. Os principais riscos e incertezas que afectan ao sector instrumental son os seguintes:

Sociedades de xestión urbanística

3.80. As sociedades de xestión urbanística presentan unha situación de solvencia a curto prazo comprometida.

3.81. A débeda financeira das catro empresas de xestión urbanística a finais de 2013 era de 194,4 millóns de euros, dos que 28,6 eran a curto prazo. Cómpre ter en conta que en 2013 restructurouse este financiamento pasando unha parte significativa do curto ao longo prazo. Ademais presentan un endebedamento comercial de 77,2 M€. Para poder atender a estes importes, as sociedades de xestión urbanística teñen un activo corrente de 325 M€. Porén, deste activo 314 M€ están materializados en obras, nomeadamente en curso e non rematadas (parques empresariais e vivenda residencial), cuxa capacidade de realización e venda está suxeita a un grao de incerteza considerable. Esta situación provoca problemas de tesourería para atender o financiamento das obrigas asumidas, o que pode determinar, tal como xa ten sucedido no pasado e no propio exercicio 2013, a necesidade de realizar inxección de capital por parte da Xunta de Galicia.

Capital-Risco

3.82. O capital risco abrangue as entidades cuxo obxecto social é a toma de participacións temporais no capital de empresas non cotizadas. Tamén forma parte do seu obxecto a concesión de préstamos.

3.83. A Xunta ten unha participación maioritaria nas seguintes entidades de capital risco cuxa xestión está atribuída a Xesgalicia (70% do capital correspondente ao IGAPE):

Cadro 26. Fondos de capital risco. Participación, resultados e activos (en millóns de euros)

ENTIDADE	FORMA XURÍDICA	FINALIDADE	% PARTICIPACIÓN XUNTA 2013	CAPITAL	RESULTADOS NEGATIVOS
SODIGA	Sociedade de capital risco	Desenvolvemento e consolidación da economía e industria de Galicia	69,22	74,5	-58,9
Emprende	Fondo de capital risco	Investimento en novos emprendedores	78,85	58,1	-21,3
Adiante 2000	Fondo de capital risco	Investimento en sociedades que estando en perigo a súa supervivencia se consideren de interese para a Comunidade e podan ser viables	100	84,1	-63,3
Xes-Innova	Fondo de capital risco	Investimento vinculado á innovación e novas tecnoloxías	70	1,65	-0,25
Xes-Impulsa Ferrol	Fondo de capital risco	Desenvolver e consolidar o tecido produtivo na comarca de Ferrol	33,38	2,75	0
Xes-Posibilita	Fondo de capital risco	Investimento en ideas e proxectos de discapacitados	69,7	1,65	0
Fondo Tecnolóxico I2C	Fondo de capital risco	Apoio a proxectos innovadores	100	3,85	-1,0

Fonte: Elaboración propia a partir das contas anuais de 2013. Os datos de Xes Impulsa Ferrol, Xes Posibilita e Fondo Tecnolóxico refírense a 2012 por non estar dispoñibles as contas de 2013. En 2013 acordouse a extinción do Fondo Xes Posibilita.

3.84. Das entidades incluídas no cadro, unicamente SODIGA e XESGALICIA renderon as contas ao Consello de Contas. Os Fondos de capital risco non renderon contas ao Consello de Contas. Tampouco temos constancia de que as contas dos Fondos fósen enviadas á Intervención Xeral, nin que este centro directivo estea a efectuar control ningún sobre estas entidades. No enderezo web de Xesgalicia unicamente están dispoñibles as contas dos Fondos correspondentes ao exercicio 2012.

3.85. O feito de que o control e o financiamento, basicamente a través de achegas dos partícipes, dos fondos de capital risco sexa público implica a necesidade de render contas e someterse ao control interno e externo dos organismos competentes.

3.86. A análise dos datos evidencia que o capital e fondos desembolsados nas entidades de capital risco ascendía a finais de 2012 a 226,6 millóns de euros. As perdas acumuladas por insolvencias e deterioración dos investimentos realizados importaban nesa data 144,7 millóns.

Avais do IGAPE

3.87. Nos últimos anos o IGAPE ten incrementado a concesión de avais e as operacións de préstamo ou crédito.

3.88. O risco vivo a finais de 2013 era de 165,6 M€ polo que diminuíu en relación a finais de 2012 (204,8 M€). Dese importe, 157,3 son avais financeiros que son concedidos polo IGAPE, sendo asumido o risco pola Xunta de Galicia. Os importes restantes obedecen á operación de reaval por operacións de préstamo ou crédito avaladas por Sociedades de Garantía Recíproca, ante as que o IGAPE reavala ata o 25% do risco que estas asuman como primeira avalista.

3.89. O IGAPE ten rexistrado nas súas contas unha provisión de 20,4 M€ por aqueles avais que estima poden ser reclamados e aos que tería que facerlles fronte.

Préstamos do IGAPE

3.90. En 2007 o IGAPE asinou co Banco Europeo de Investimentos (BEI) un contrato de financiamento mediante o cal o BEI concedeu ao Instituto un préstamo global de 30 M€ que se poderá destinar a financiar a concesión, por parte do IGAPE, de préstamos a empresas que desenvolvan proxectos empresariais en Galicia. En 2008 e 2009 dispúxose da totalidade do préstamo. Nese ano, obtívose un novo préstamo do BEI por importe máximo de 200 M€ dispoñendo de 65 millóns ata finais de 2012. Tendo en conta as amortizacións realizadas, a débeda viva co BEI a 31-12-2013 era de 60,9 M€.

3.91. A finais de 2013 o saldo dos créditos concedidos a PEMES con financiamento BEI era de

89,7M€. O IGAPE considerou de dubidoso cobramento (deterioro de valor) 35,1 M€.

3.92. Na Administración central e noutras Comunidades, no apoio ao sector produtivo estase a observar un efecto substitución da concesión de subvencións polo outorgamento de préstamos. Neste cambio pode influír o feito de que a concesión de créditos non ten impacto no déficit posto que ten a consideración de operación financeira. Con todo, non se debe esquecer que estas operacións si poden ter unha repercusión futura nas contas públicas, xa que se os prestatarios non son quen de devolver o financiamento concedido será necesario facer inxeccións de capital no IGAPE para que atenda o pagamento do financiamento concedido polo BEI.

IV. RECOMENDACIÓNS

1. Realizar as modificacións normativas oportunas para conciliar a definición de sector público da LOFAXGA co perímetro dos orzamentos, as entidades incluídas na Conta Xeral e as sometidas ao control interno da Intervención Xeral.
2. Establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público, mediante a posta en marcha do rexistro de entidades dependentes prevista na LOFAXGA.
3. Dotar de maior transparencia o proceso de racionalización do sector público instrumental con información pública accesible sobre os obxectivos marcados e o seu grao de realización.
4. Establecer unha correspondencia lóxica entre a actividade a desenvolver por cada entidade e a súa forma xurídica, de tal xeito que o réxime xurídico (persoal, contratación, contable, patrimonio ...) que se lle aplique sexa o máis axeitado á súa natureza e características.
5. Render as contas de todas as entidades instrumentais autonómicas, en particular dos fondos de capital risco xestionados por Xesgalicia.
6. Poñer en marcha sistemas de rendición telemática das contas dos entes instrumentais.
7. Avanzar nos procesos de consolidación para ofrecer unha visión global da situación económica do sector público autonómico.
8. Actualizar o marco contable actual mediante a aprobación dun novo plan de contabilidade pública que estea en harmonía coa normativa contable internacional e nacional.
9. Darlle publicidade ás contas anuais a través de internet.
10. Elaborar instrucións, guías e resolucións que desenvolvan a normativa contable. En particular que regulamenten o formato e a información económico-financieira que teñen que achegar as entidades instrumentais.
11. Mellorar as memorias elaboradas polas entidades sometidas ao Plan de contabilidade pública e regular o contido daquelas.
12. Establecer para as entidades sometidas ao plan privado a obriga de subministrar información adicional sobre aspectos como persoal, orzamentos, contratos, etc.
13. Homoxeneizar o contido e formatos da información rendida, nomeadamente no que se refire ás operacións vinculadas (coa Administración xeral e co resto de entidades dependentes).
14. Ofrecer información sobre custo de actividades e indicadores de xestión.
15. Facer un seguimento das entidades con participación non maioritaria pero que unida á doutras administracións determine una maioría pública conxunta e establecer mecanismos de control sobre aquelas nas que a Comunidade Autónoma teña a maior porcentaxe de participación.



DILIXENCIA:

Para facer constar que ao presente documento, que foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia en sesión celebrada o día 16 de xuño de 2015, incorporáronse correccións de erros materiais o día 30/06/2015.

Santiago de Compostela, a 30 de xuño de 2015.

O Secretario Xeral,


Consello de Contas de Galicia
SECRETARIO XERAL


Asdo.: Juan Manuel Rodríguez Rodríguez.